

CAMIÑOS FLUVIAIS

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO
LOCAL PARTICIPATIVO

ESTUDO
SOCIOECONÓMICO



AUTORAS:
MARÍA MELLID LÓPEZ
MARÍA FERNÁNDEZ VARELA

ÍNDICE

B. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DO CONTEXTO TERRITORIAL E SOCIOECONÓMICO QUE AFECTA O DESENVOLVEMENTO RURAL NO ÁMBITO TERRITORIAL PROPOSTO.	2
B.1. Realidade territorial.....	2
B.1.1. Delimitación	2
B.1.2. Patrimonio.....	6
B.1.2.1. Patrimonio Natural.....	6
B.1.2.2. Patrimonio Cultural.....	11
B.1.3. Encadramento Territorial.....	18
B.1.4. Marco territorial estratéxico	19
B.2. TECIDO SOCIOECONÓMICO	21
B.2.1. Análise demográfica	21
B.2.2. Nivel de instrución	30
B.2.3. Indicadores de calidade de vida	31
B.2.4. Mercado de traballo.....	33
B.2.5. Análise empresarial	42
B.2.6. Análise sectorial.....	47
B.2.6.1. Sectores relevantes GDR: sector agrario e forestal	51
B.2.6.2. Subsector turístico.....	60
B.2.6.3. Equipamentos e infraestruturas	66
B.3. MATRIZ DAFO	74

B. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DO CONTEXTO TERRITORIAL E SOCIOECONÓMICO QUE AFECTA O DESENVOLVEMENTO RURAL NO ÁMBITO TERRITORIAL PROPOSTO.

A análise e diagnose do contexto territorial e socioeconómico do GDR Ulla Tambre Mandeo permitira identificar as fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas para o desenvolvemento rural deste ámbito. Esta análise centrarase fundamentalmente naqueles aspectos que teñen unha maior peso no territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo, sen esquecer todas aquelas variables que poden ter incidencia sobre o territorio, aínda que con menor peso na realidade actual do mesmo.

Deste xeito, realízase unha análise que combina aproximacións tanto cuantitativas como cualitativas, e que complementa o proceso participativo elaborado no apartado A desta estratexia.

B.1. Realidade territorial

B.1.1. Delimitación

O territorio do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo (GDR UTM) insírese nun territorio supracomarcal, incluíndo a comarca de Melide, a de Arzúa e o Concello de Vilasantar, pertencente á comarca administrativa de Betanzos, pero con características similares a Arzúa e Melide. Polo tanto, o GDR UTM está conformado polos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar. Ten unha extensión de 911 km², o que representa o 11% da superficie provincial e o 3% da superficie galega (Ige, 2018). Está situado no extremo sueste da provincia da Coruña, próxima á comarca de Santiago, coa que ten intensas relacións económicas e funcionais. Do mesmo xeito, a súa localización no interior de Galicia e a rede de estradas existentes permíttelle estar comunicada coas principais cidades de Galicia con traxectos de menos de 90 minutos de duración, sendo Vigo e Ourense as que se atopan máis lonxe.

Trátase dunha zona caracterizada por un relevo pouco accidentado e cunha altitude media de entre 300 e 600 m, onde os principais accidentes xeográficos se dan nas fronteiras da mesma, ao leste coas serras da Cova da Serpe e do Careón (zona Rede Natura) e cara sur co río Ulla e o encoro de Portodemouros.

No tocante á rede hidrográfica, son moitos os ríos e regatos que teñen o seu trazado polo territorio supracomarcal, os principais son tres ríos atlánticos que lle dan identidade e personalidade común (o propio nome do GDR é unha mostra dilo). Polo norte, os ríos Mandeo e Tambre, que nacen en Sobrado, este último actuando de fronteira natural, e no sur é o río Ulla o que fai ese papel enchendo o encoro de Portodemouros.



Figura 1. Mapa do territorio obxecto do estudo, do GDR Ulla Tambre Mandeo (Fonte: páxina web do GDR www.gdrullatambremandeo.gal)

Desde o punto de vista climático, a comarca presenta os trazos típicos dun clima temperado de zona do interior, con influencias oceánicas que penetran a través do Ulla, favorecendo un réxime pluviométrico abundante (entre 1400-1900mm anuais), o que non impide un acusado mínimo estival, dado que no verán só cae arredor do 10-12% do total das precipitacións. As temperaturas medias anuais son relativamente suaves, e a amplitude térmica xira arredor dos 10°C, o afastamento da costa determina unhas temperaturas invernais que prolongan o período con riscos de xeadas entre outubro e abril, aínda que os valores de temperatura media non difiren moito doutros territorios máis costeiros (Precedo, 1995).

No tocante á estrutura administrativa, como se menciona no inicio da descrición, o Ulla Tambre Mandeo compóñeno nove municipios pertencentes a tres comarcas: Melide, Arzúa e o Concello de Vilasantar situado na comarca de Betanzos. Tanto desde o punto de vista físico como

económico e social, as comarcas de Arzúa e Melide, e o Concello de Vilasantar comparten moitos trazos comúns, como se verá na descrición deste estudo, se ben hai diferenzas, sobre todo entre os concellos de maior poboación e os máis pequenos, que se parecen moito entre si.

No territorio existen un total de 137 parroquias, divididas, á súa vez, en 1.228 entidades singulares, das que 294 son núcleos de poboación (máis de 10 casas ou 50 habitantes) e 934 son lugares diseminados (IGE, 2021). Mentres que o número de concellos, de parroquias e de núcleos de poboación, supoñen un peso relativo con respecto a Galicia de preto do 3%, ao igual que a superficie total en km², as entidades singulares e os diseminados teñen un peso relativo maior, o que fala dunha importante dispersión da poboación. Estes datos non sufriron apenas variación nos últimos 20 anos (IGE, 2021), manténdose estable a pesar da perda de poboación.

	Concellos	Parroquias	Entidades singulares		
			Total	Núcleos poboación	Diseminados
Galicia	313	3.771	30.212	10.296	20.592
UTM	9	137	1.228	294	934
	2,86%	3,63%	4,05%	2,86%	4,52%

Táboa 1. Entidades e núcleos de poboación de Galicia e do Ulla Tambre Mandeo. Ano 2021 (Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE)

Ámbito	Parroquias	Entidades singulares		
UTM	137	Total	Núcleos poboación	Diseminados
		1.227	294	933
Arzúa	22	246	23	223
Boimorto	13	115	51	64
Melide	26	189	32	157
O Pino	13	82	50	32
Santiso	17	102	11	91
Sobrado	10	162	18	144
Toques	10	91	18	73
Touro	19	139	73	66
Vilasantar	7	102	18	84

Táboa 2. Entidades e núcleos de poboación cada Concello do GDR Ulla Tambre Mandeo. Ano 2021 (Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE)

Superficie Municipal (Qm²)									
Arzúa	Boimorto	Melide	O Pino	Santiso	Sobrado	Toques	Touro	Vilasantar	Total UTM
155,5	82,3	101,3	132,1	67,4	120,6	77,9	115,3	59,2	911

Táboa 3. Superficie de cada concello do GDR Ulla Tambre Mandeo (Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE)

B.1.2. Patrimonio

B.1.2.1. Patrimonio Natural

O GDR Ulla Tambre Mandeo conta cun total aproximado do 6,31% da súa superficie na Rede Galega de Espazos Protexidos, baixo a figura de protección oficial do medio Rede Natura 2000, encamiñada á conservación de hábitats e da fauna e flora silvestres máis importantes.

	Total superficie (Has)	RGEP	%
Arzúa	15.550	-	0,00%
Boimorto	8.230	-	0,00%
Melide	10.130	1.373,27	13,56%
Pino, O	13.210	38,65	0,29%
Santiso	6.740	1.079,54	16,02%
Sobrado	12.060	-	0,00%
Toques	7.790	3.238,86	41,58%
Touro	11.530	19,73	0,17%
Vilasantar	5.920	-	0,00%
UTM	91.160	5.750	6,31%

Táboa 4. Superficie afectada por algunha figura oficial de protección do medio nos distintos concellos do Ulla Tambre Mandeo. Ano 2015. (Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE. RGEP: Rede Galega de Espazos Protexidos)

A nivel desagregado, os nove concellos integrantes presentan diferenzas palpables. Así, mentres existen tres concellos do GDR UTM (Boimorto, Arzúa, e Vilasantar) que non contan con ningún tipo de figura de protección oficial, outros contan cunha parte importante do seu territorio baixo algunha figura de protección ambiental. O Concello de Toques, por exemplo, conta con máis do 40% do seu territorio en Rede Natura.

As Zonas de Especial Conservación (ZEC) actuais asimilan tanto os Lugares de Interese Comunitario (LICs) como as Zonas de Especial Protección de Aves (ZEPAs), en virtude do actual Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación aos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000

de Galicia. A guía *Debuxando ribeiras nas Terras do Ulla, Tambre e Mandeo. Guía da flora e fauna. Usos e tradicións* (Franco e Salvador, 2018) recolle as principais características das tres ZEC que cobren parte do territorio do Ulla Tambre Mandeo:

- **ZEC Serra do Careón (ES1110014)**, a cal afecta territorialmente aos concellos de Toques, Melide e Santiso (Xunta de Galicia, 2004). Unha das marcas de identidade do LIC Serra do Careón é a súa composición edafolóxica, rica en rochas metamórficas serpentínicas. Nos solos de serpentinita hai un efecto tóxico provocado pola elevada concentración de metais pesados como o níquel (Ni), cromo (Cr) e cobre (Cu), é un factor moi selectivo para a vexetación, albergando unha serie de plantas que acumulan metais pesados en concentracións varias veces máis altas que o límite considerado tóxico para a flora. Por exemplo, *plantago maritima subs. serpentinita* que acumula níquel (Ni) en concentración que superan 70 veces o límite da toxicidade. Tres son os elementos endémicos que están catalogadas en perigo de extinción no Catálogo galego de especies ameazadas: *Santolina Melidensis*, *Armeria Merinoi*, así como unha especie que semella unha margarida de arredor duns 40 cm., que aparece nos pasteiros pioneiros vivaces, matogueiras abertas e ocasionalmente nas canles sobre solos de escaso espesor: *Leucanthemum Gallaecicum* (Franco e Grandas, 2018).

De cara á súa conservación e potencialidade para o turismo destaca a fervenza das Brañas que se pode visitar facendo unha das tres rutas de sendeirismo homologadas que existen en Toques. Atópase na parroquia das Brañas, pertencente ao concello de Toques, onde o río Furelos cae desde preto de corenta metros, cun antigo muíño como testemuña, para continuar a súa viaxe cara ao río Ulla.



Figura 2. Fervenza das Brañas (Concello de Toques) (Fonte: blog do GDR Ulla Tambre Mandeo www.ullatambremandeo.blogspot.com)

- **ZEC río Tambre (ES1110016)**, situada na conca media do río, afectando territorialmente ao concello do Pino (Xunta de Galicia, 2004)). Este corredor fluvial é unha zona natural de gran beleza, pola súa variedade xeolóxica e a gran diversidade de aves que nela se atopan. Ademais, hai outros animais que probablemente pasen desapercibidos, e que están en perigo de extinción, é o caso do caracol de Quimper (*Elona Quimperiana*) ou o sapo raxado ou sapo pinto (*Discoglossus Galganoi*) en perigo de extinción pola perda do seu hábitat e o uso de herbicidas. Algunhas plantas, como os marteliños (*Narcissus Cyclamineus*) e *Narcissus Pseudanarcissus*, están catalogadas como especies ameazadas (Franco e Salvador, 2018). Para ver estas especies e moitas outras, pódese percorrer o río pola marxe dereita dende a praia fluvial da Tarroeira, no concello do Pino.
- **ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza (ES1140001)**, a cal afecta territorialmente ao concello de Touro (Xunta de Galicia, 2004). Neste municipio, o Ulla conta cunha ben conservada ribeira, na cal se atopa un auténtico bosque de vexetación autóctona (fento real, bidueiros, acivros, abeleiras, etc.), unha variada fauna fluvial, antigos sobreirais, patrimonio etnográfico propio da zona como as pesqueiras ou ouriceiras, para a recollida e almacenaxe da castaña así como lugares senlleiros no curso do río como pode ser o Salto das Pombas ou o meandro do Pozo do Pego. Todo iso, facilmente visitable pola existencia de dúas rutas de sendeirismo homologadas e consolidadas (PRG121 e PRG93) (Franco e Salvador, 2018).



Figura 3. Ouriceira no Concello de Touro (Fonte: blog do GDR UTM. www.ullatambremando.blogspot.com)

Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

No ano 2013 foi declarada pola UNESCO a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, da que o territorio do Concello de Sobrado forma parte, o cal supón un elemento máis de protección do medio do mesmo, así como un novo recurso para o desenvolvemento local. As reservas da biosfera constitúen lugares excepcionais para a investigación, a observación, a formación, a educación e a sensibilización do público, permitindo ao mesmo tempo que as comunidades locais participen plenamente na conservación e o uso sustentable dos recursos. Tamén constitúen lugares de demostración e polos de acción no marco das políticas de desenvolvemento rexional e de ordenamento do territorio.

Como elemento senlleiro dentro desta figura de recoñecemento natural, destaca a lagoa de Sobrado. De orixe artificial, creada pola comunidade de monxes do Mosteiro de Santa María no século XVI, coa unión da canle de varios regatos, co obxectivo de abastecerse de regadío e pesca, na actualidade é un das zonas húmidas máis recoñecidos da xeografía galega tanto pola súa flora como pola súa avifauna (Franco e Salvador, 2018).



Figura 4. Lagoa de Sobrado (Concello de Touro). (Fonte: blog do GDR UTM. www.ullatambremando.blogspot.com)

No momento da redacción deste estudo, estanse levando a cabo os trámites para ampliar a zona de protección da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, cambio co que se incluíría ao Concello de Vilasantar, no territorio do UTM, na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A Reserva da Biosfera da UNESCO conta con máis adeptos e seguidores que a Rede Natura 2000. Con orzamento propio e órgano xestor local, destaca pola promoción e as actuacións para un desenvolvemento sustentable baseado nos recursos endóxeos do territorio.




Figura 5. Patrimonio Natural no GDR Ulla Tambre Mandeo

B.1.2.2. Patrimonio Cultural

Os Camiños de Santiago

Un dos recursos máis importantes que presenta o territorio é o **Camiño de Santiago**. Desde o século XI a peregrinación xacobeana entra na categoría das peregrinacións maiores, uníndose ás de Roma e Xerusalén, debuxando así a unidade do mundo cristián simbolicamente expresada pola unión das rutas. No século XIX, en función da ocultación dos restos do apóstolo dende o século XVI, ten lugar unha segunda *inventio*, ou redescuberta dos restos do apóstolo.

O Camiño Francés foi declarado Conxunto Histórico Artístico en 1962. Nos anos 80, retómanse as peregrinacións no marco da cultura pos-moderna a nivel global, onde os camiños xacobeos retoman o modo medieval de peregrinar a pé, co foco posto máis na xornada que na meta final (Godoy e Crecente, 2018).

O Camiño é nomeado Primeiro Itinerario Cultural Europeo en 1987 e Patrimonio Mundial da Humanidade no ano 1993 pola UNESCO (Somoza e Lois, 2017). Este Ano Santo de 1993 configurouse como o marco civil da celebración xacobeana, coa creación da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo 93 (empresa pública destinada a executar as políticas autonómicas).

No pasado ano 2015, a UNESCO decidiu ampliar a catalogación deste ben cultural, coa denominación **Camiños de Santiago de Compostela** aos camiños do norte, tanto o **Norte** como o **Primitivo**, ambos con trazado nos concellos do GDR Ulla Tambre Mandeo. Este recoñecemento internacional vén a consolidar a importancia en termos culturais e patrimoniais desta vía de peregrinación. Dentro da ruta a Santiago inclúese o mosteiro de Sobrado (Unesco, 2015).




Figura 6. O Camiño de Santiago no GDR Ulla Tambre Mandeo

Tras a declaración do Camiño Norte como Patrimonio da Humanidade e a súa sinalización no 2016, constatábase unha notable escaseza de oferta de aloxamento e restauración que facía moi dificultoso realizar a ruta camiñando. O Programa Leader 2014-2020 do GDR Ulla Tambre Mandeo destinou boa parte dos recursos a crear unha oferta ben dimensionada e de calidade, o que permite, no tramo coruñés do Camiño Norte, un incremento notable de peregrinacións de persoas que buscan a tranquilidade e a calidade, fronte o Camiño Francés con máis aglomeracións e un ambiente de máis algarabía.

Bens de interese cultural e outro patrimonio relevante

Por outra banda, o territorio do Ulla Tambre Mandeo conta con numerosos elementos patrimoniais culturais e históricos recollidos na Relación de Bens de Interese cultural . Aínda que neste inventario se recollen bens patrimoniais de alta repercusión social polo seu valor arquitectónico e histórico, en moitos casos, mesmo a poboación os descoñece pola súa temperá catalogación e descoñecemento da súa localización pola poboación local.

Ademais do Camiño Francés, o Norte e o Primitivo, o listado de bens declarados BIC segundo o directorio de Cultura de Galicia inclúe:

- Castelo de Fruzo, Oíns (Arzúa)
- Lugar de Andabao, Boimorto
- Castelo de Grobas, Melide
- Mosteiro de Santa María de Sobrado (Sobrado)
- Igrexa de San Antoniño, Toques
- Arte rupestre no Forno dos Mouros, Toques
- Hórreo en Outeiro, Loxo (Touro) declarado BIC no ano 2017.
- Igrexa de Santa María de Mezonzo (Vilasantar)

Dos que aparecen no listado, consérvanse os seguintes, ordenados por orde cronolóxica da súa construción (os datos e a súa descrición están extraídos da recompilación feita polo GDR e plasmada na súa bitácora dixital: www.ullatambremandeo.blogspot.com):

- **Dolmen Forno dos Mouros de Toques**, situado na Serra do Bocelo, preto da aldea da Moruxoa e a unha altitude de 713 m, pódese visitar percorrendo unha das tres rutas homologadas que ten o Concello de Toques, a Ruta dos Megalitos. Monumento sepulcral datado no III milenio a.C., é unha estrutura megalítica con cámara poligonal formada por unha lousa horizontal sostida por sete piares (ortostatos).
- **Igrexa de Santo Antoño de Toques**, declarado Monumento Histórico e Zona Arqueolóxica. De orixe prerrománica, con elementos do século VII, a nave é o único que se conserva do centro monacal beneditino que se fundou posteriormente no século X. Está considerado un dos máis antigos de Galicia e a primeira proba da chegada da orde beneditina á comunidade con base en documentación histórica do ano 1.067 d. C.



Figura 7. Mosteiro de San Antolín (Concello de Toques) (Fonte: blog do GDR Ulla Tambre Mande www.ullatambremando.blogspot.com)

- A **Igrexa de Santa María de Mezonzo**, en Vilasantar, declarada Monumento Histórico-Artístico. Ao igual que no caso de Santo Antolín, a igrexa románica de Santa María de Mezonzo, é o único que se conserva do mosteiro fundado no século IX polo abade Reterico. É unha excelente mostra do románico galego e nela profesou como monxe, antes de ser abade do mosteiro de Sobrado e Bispo de Iria Flavia e Compostela, San Pedro de Mezonzo, autor da Salve Regina.



Figura 8. Igrexa románica de Santa María de Mezonzo (Concello de Vilasantar) (Fonte: blog do GDR Ulla Tambre Mande www.ullatambremando.blogspot.com)

Por outra banda, e relacionado tamén co centro monacal existente pola súa posible orixe nesta época, a poucos metros da Igrexa de Mezonzo e á beira do río Gándara, afluente do Tambre, atópase o **Batán de Mezonzo**; un dos poucos que se conserva no territorio galego, e español, o cal estivo en pleno funcionamento até o ano 1954. Xunto co muíño de gran restaurado no mesmo lugar e os restos dun antigo mazadoiro do liño, os tres elementos compoñen un conxunto etnográfico visitable único.



Figura 9. Batán de Mezonzo (Concello de Vilasantar) (Fonte: blog do GDR Ulla Tambre Mande www.ullatambremandeo.blogspot.com)

- **Mosteiro de Sobrado**, declarado Monumento Histórico-Artístico e Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Fundado no ano 952 polos condes de Présaras, nos seus inicios a súa advocación era a de San Salvador e a orde monacal era a beneditina. No ano 1142, despois dun tempo de abandono, asentouse unha comunidade cisterciense, sendo o primeiro da orde na península Ibérica, época do seu maior esplendor e poder no tocante a actividade e ás terras posuídas. O mosteiro conserva a igrexa, de estilo barroco do século XVII, así como boa parte das dependencias monacais: claustro dos peregrinos (dedicado actualmente á hospedaría), claustro grande, claustro dos medallóns (orixinal do cister do século XIII, pero totalmente reconstruído nos séculos XVI e XVII), refectorio, biblioteca, sancristía, sala capitular e cociña; as dúas últimas da súa época medieval. A escasos quilómetros e de importancia patrimonial capital, atópase o campamento romano da Ciadella, do século I, asentamento da *I Cohors Celtiberorum*, o máis grande en extensión da península Ibérica.



Figura 10. Mosteiro de Santa María de Sobrado (Concello de Sobrado) (Fonte: blog do GDR Ulla Tambre Mande www.ullatambremandeo.blogspot.com)

- **Camiños do Norte, Camiño do Norte de Interior, Primitivo ou de Oviedo** que pasa polos concellos de Toques e Melide, así como o **Camiño do Norte da Costa**, que percorre no noso territorio os concellos de Sobrado, Boimorto, Vilasantar, Arzúa e O Pino. No 2014 determinouse o seu percorrido oficial, con dúas variantes, e foi sinalizado, nos tramos de itinerario novo, durante o 2017. Este camiño está a despertar moito interese e ao seu redor, animados polo exemplo francés, están xurdindo moitos pequenos negocios familiares que dan servizo ao peregrino.
- A última incorporación á catalogación de BIC foi o **Hórreo de Outeiro en Loxo**: na Comarca de Arzúa faise a diferenciación de hórreos e hórreas. As hórreas son de maior tamaño e, polo tanto, a súa capacidade de almacenaxe é maior. Ó contrario que outros tipos de hórreos, estes non teñen pés, senón que se elevan sobre un celeiro ou curia de cachotaría, o que proporciona un espazo extra para almacenamento. No hórreo de Outeiro chama a atención o uso de grandes pedras lisas de xisto tanto na fachada como no torna-ratos que percorre de maneira continua a estrutura.



Figura 11. Hórreo de Outeiro. Foto de María Isabel Guance Alastrúe, cedida polo Concello de Touro

Do proceso participativo levado a cabo para a elaboración deste estudo, conclúese a inclusión doutros elementos patrimoniais fundamentais que deben ser recollidos no listado, aínda sen estar declarados BIC, dos que existe consenso en canto á súa vital importancia dentro dos nove concellos. Estes elementos patrimoniais son: **o campamento romano da Ciadella** en Sobrado, as **Igrexas de Sendelle** en Boimorto e **San Roque** en Melide, xunto co seu cruceiro, catalogado por Castelaio como o máis antigo de Galicia en 1950, a **aldea de Furelos** e a **ponte** sobre o río do mesmo nome en Melide, así como **pazos** como o de **Vilar de Ferreiros**, en Santiso.

A **zona histórica de Melide** e a Obra Pía de Santo Antón, na praza do Convento de Melide, na que se sitúan importantes elementos patrimoniais da vila melidá. Por unha banda, a igrexa de Sancti Spiritus, erixida no ano 1498 por D. Sancho Sánchez de Ulloa, pertenceu ao desaparecido mosteiro ou convento da Orde Terceira de San Francisco; da antiga igrexa só se conserva a pequena capela lateral do Santo Cristo. Na parte oeste da Praza atópase o pazo de estilo barroco, xunto coa capela coñecida como a Obra Pía de Santo Antón, fundado no 1671 polo arcebispo de orixe melidense D. Mateo Segade Bugueiro. Actualmente e desde 1960, ocupan o edificio as dependencias municipais, conservándose só a fachada do edificio orixinal. Fóra da praza, pero a escasos metros nunha das rúas adxacentes, localízase no antigo hospital de peregrinos o Museo da Terra de Melide, fundado no ano 1978 para a divulgación da cultura e patrimonio da comarca. Conta cunha importante mostra de arqueoloxía castrexa e romana da contorna, así como outras coleccións de carácter etnográfico.

B.1.3. Encadramento Territorial

Dado o carácter céntrico do territorio do GDR no mapa galego, e a boa dotación de vías de comunicación e infraestruturas de transporte, con dúas estradas nacionais que transcorren ó longo do territorio, N634 e N547, e a próxima apertura da autovía A54 Lugo-Santiago, este sitúase a practicamente un máximo dunha hora en coche tanto da capital de Galicia, Santiago de Compostela, como de outras grandes capitais de provincia como A Coruña ou Lugo en calquera dos concellos que compoñen o mesmo. Isto implica unha gran mobilidade da poboación local cara estas cidades á hora da busca de emprego, lugar de residencia ou, incluso, centro de compras e de ocio.




Figura 12. Encadramento do GDR no territorio galego

Por outra banda, se falamos de movementos internos, existe unha gran mobilidade a nivel intercomarcal entre Melide e os concellos da súa comarca, constatándose incluso unha migración interna de poboación buscando un maior catálogo de servizos dispoñibles (escolas infantís, centros de día, vivenda, comercios e servizos privados, etc.). Esta mesma migración se detecta do concello de Touro a O Pino nos últimos anos, debido á oferta de vivenda que houbo arredor dunha década. Por outra banda, Arzúa tamén actúa como núcleo de atracción para os concellos da súa comarca, minorados neste caso polo nodo para o equilibrio territorial de Curtis, ó que a poboación local se dirixe desde Vilasantar e, en menor medida, desde Boimorto.

B.1.4. Marco territorial estratéxico

Esta realidade reflíctese na documentación técnica aprobada das Directrices de Ordenación do Territorio, onde para o territorio do Ulla Tambre Mandeo se definen dous nodos de equilibrio territorial, as cabeceiras comarcais de Arzúa e Melide, as cales, xunto co núcleo próximo de Curtis, no territorio do GDR Mariñas Betanzos, se conforman efectivamente como os tres elementos vertebradores máis importantes en canto ás relacións funcionais internas do territorio en distintos ámbitos: laboral, servizos, compras e ocio.

Segundo a definición establecida nas Directrices de Ordenación do Territorio os Nodos para o equilibrio do territorio están chamados a constituír o nivel local básico do sistema de poboamento de Galicia con capacidade para prestar servizos adecuados á poboación, favorecendo o mantemento de poboación nas súas contornas rurais de referencia, as cales, adoecen dun despoboamento dificilmente reversible, tal e como se verá ó longo deste estudo socioeconómico. Para cumprir esta función e que os nodos para o equilibrio do territorio cumpran con esta función é importante a creación de pequenos polos de actividades económicas no medio rural e a dotación de servizos nos seus núcleos urbanos especialmente no campo da saúde, educación, cultura, transportes públicos, etc.




Figura 13. Nodos para o equilibrio do territorio. (Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

B.2. TECIDO SOCIOECONÓMICO

B.2.1. Análise demográfica

O territorio do Ulla Tambre Mandeo conta cun total de 29.095 habitantes no ano 2021 segundo o padrón municipal de habitantes, o que supón dun descenso dun 18,79% nos últimos vinte anos. Mentres tanto, a nivel galego, o retroceso no mesmo período acada un 1,33%. A nivel interno, hai concellos que se comportan mellor que a media do GDR, é o caso das cabeceiras comarcais e do concello do Pino, mentres que os restantes municipios presentan perdas de poboación que roldan o 28% neses vinte anos, chegando ao 33% no caso de Santiso.




Gráfico 1. Evolución da poboación na área do GDR. Período 2000-2021. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro)

Se analizamos os datos da poboación desagregados por grupos de idade, a evolución negativa fálanos do envellecemento da poboación cada vez maior que está a presentar o territorio. Mentres que os grupos de idade de 0 a 16 anos, mocidade, e de 16 a 64 anos, poboación activa, perde importancia progresivamente, a importancia do estrato das persoas de máis de 64 anos aumenta ata case o 32% do total no ano 2021, tal e como se pode ver na táboa e gráfico seguintes.




Gráfico 2. Evolución da poboación no GDR por grupos de idade. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade)

Concellos	Total	Menos de 16 anos	Entre 16 e 64 anos	Máis de 64 anos
Arzúa	5.964	616	3.508	1.840
Boimorto	1.943	120	1.100	723
Melide	7.427	943	4.543	1.941
O Pino	4.639	532	2.832	1.275
Santiso	1.529	88	833	608
Sobrado	1.778	101	1.002	675
Toques	1.101	63	641	397
Touro	3.495	289	2.006	1.200
Vilasantar	1.219	75	683	461
GDR	29.095	2.827	17.148	9.120
A Coruña	1.120.134	141.517	696.268	282.349
Galicia	2.695.645	333.678	1.667.827	694.140

Táboa 5. Distribución da poboación por grupos de idade. 2021 Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade)

A evolución da poboación en canto á estrutura por grupos de idade queda reflectida graficamente a través da comparación das distintas pirámides de poboación confeccionada cos datos do censo. Compróbase que progresivamente, co paso das décadas, a pirámide vai tomando forma de floreiro. A medida que pasen os anos, se a tendencia non muda, terá forma de pirámide invertida, cunha gran preponderancia dos grupos e maior idade e unha escasa presenza de mocidade, coas consecuencias que para o relevo xeracional no territorio e o dinamismo socioeconómico se derivan.




Gráfico 3. Evolución da pirámide de poboación do GDR Ulla Tambre Mandeo. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade)

Nas seguintes táboas amósanse os datos desagregados por concellos en canto a crecemento vexetativo, idade media e densidade de poboación.

O saldo vexetativo é negativo en todos e cada un dos concellos do GDR, seguindo o modelo galego, pero máis acusado, no caso destes nove concellos do interior coruñés.

Concellos	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
Arzúa	30	112	-82
Boimorto	6	41	-35
Melide	45	104	-59
O Pino	32	70	-38
Santiso	6	30	-24
Sobrado	6	42	-36
Toques	3	11	-8
Touro	14	70	-56
Vilasantar	6	25	-19
GDR	148	505	-357
A Coruña	6.313	13.281	-6.968
Galicia	14.759	32.843	-18.084

Táboa 6. Saldo vexetativo 2021. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. Serie 1975-2021)

A idade media no conxunto do GDR rolda os 54 anos, moi superior á medida galega e provincial, sendo os concellos que mellor comportamento presentan, de novo, Melide, Arzúa e O Pino, focos de atracción da poboación nova dos demais municipios polo seu maior dinamismo e oferta de servizos básicos.

Ademais, aumenta progresivamente, dato concordante coa preocupante evolución do índice de envellecemento, o cal relaciona o número de persoas de 65 ou máis anos por cada cen persoas menores 20 anos, o cal supera o dobre do dato que presenta Galicia, chegando en casos como o dos concellos do Santiso e Sobrado a triplicalo.

Concellos	Idade media 2021	Variación 5 anos	Variación 10 anos	Índice de envellecemento
Arzúa	51,11	2,55%	4,69%	233,87
Boimorto	56,05	3,55%	7,85%	408,66
Melide	48,3	1,32%	3,58%	171,6
O Pino	49,54	2,00%	3,04%	209,44
Santiso	56,31	2,72%	6,81%	499,97
Sobrado	56,79	1,94%	5,46%	538,21
Toques	55,61	2,89%	6,80%	474,51
Touro	53,23	2,48%	7,43%	319
Vilasantar	56,69	1,34%	4,09%	456,09
GDR	53,74	2,32%	5,56%	367,93
A Coruña	47,46	2,73%	6,03%	157,75
Galicia	47,74	2,64%	5,90%	163,59

Táboa 7. Envellecemento da poboación 2021. Fonte: IGE – Indicadores demográficos (IGE. Indicadores de poboación)

A perda de poboación comentada ata agora, en especial, a perda de poboación moza e en idade activa, redunda nunha caída xeneralizada e continuada da densidade de poboación, a cal acadada a cifra de 27,6 habitantes por quilómetro cadrado de media para o GDR no ano 202, moi lonxe da cifra galega situada nos case 90 habitantes por quilómetro cadrado. Se analizamos a tendencia na última década a baixada na densidade de poboación do territorio case triplica o descenso galego. A nivel interno, unha vez máis, Melide e O Pino son os concellos que presentan un comportamento mellor á media territorial, tal e como se pode ver na táboa a continuación.

Concellos	Densidade 2021	Variación 5 anos	Variación 10 anos
Arzúa	38,2	-3,80%	-5,21%
Boimorto	23,7	-5,95%	-12,22%
Melide	76,3	-1,04%	-1,29%
O Pino	35,2	-1,40%	-1,12%
Santiso	23,3	-8,63%	-17,96%
Sobrado	15,1	-5,63%	-14,20%
Toques	15,1	-6,79%	-15,64%
Touro	31,9	-5,06%	-12,36%
Vilasantar	21,7	-3,13%	-7,66%
GDR	27,6	-3,57%	-7,10%
A Coruña	141,1	-0,21%	-1,60%
Galicia	91,2	-0,87%	-2,77%

Táboa 8. Densidade de poboación. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Poboación, entidades e densidade)

Se analizamos a evolución dos saldos migratorios, o GDR repite o mesmo patrón que o caso galego e provincial, se ben é certo, que o fai cun desfase temporal de entre dous e catro ano. Pode ser debido ao propio funcionamento cíclico da economía e da creación e destrución de empresas e traballos, o cal se deixa sentir primeiro no ámbito urbano para, a continuación, trasladar os seus efectos ao ámbito rural. En xeral, os tres territorios amosan un comportamento positivo en canto ao resultado global dos saldos migratorios, salvo en momentos de recesión económica, e todos eles teñen como orixe a chegada tanto de persoas e descendentes retornados de países tradicionais no eido da emigración galega como dos restantes países emisores, xa que tanto como a nivel provincial como galego, o saldo migratorio co resto de España é negativo. É dicir, tanto A Coruña como Galicia presentan saldo migratorio negativo co resto de España, pero este queda amplamente compensado coa inmigración procedente do estranxeiro.




Gráfico 4. Evolución do saldo migratorio. GDR, Galicia e Provincia. Fonte: IGE – Movementos migratorios (IGE. Saldos migratorios)

Nas seguintes táboas, para o ano 2021, reflíctense as cifras da emigración e inmigración, segundo a orixe e destino das persoas migrantes, distribuídas por concellos e a nivel global do GDR, provincia e Galicia.

Concellos	Total	Á mesma provincia	Á outra provincia	A outra CCAA	Ao estranxeiro
Arzúa	119	68	24	22	5
Boimorto	41	30	6	3	2
Melide	215	106	46	41	22
O Pino	132	96	16	15	5
Santiso	30	17	13	0	0
Sobrado	34	23	4	3	4
Toques	32	23	6	0	3
Touro	90	69	8	12	1
Vilasantar	29	20	4	5	0
GDR	722	452	127	101	42
A Coruña	38.563	23.325	4.042	7.803	3.393
Galicia	90.445	51.580	12.163	18.180	8.522

Táboa 9. Emigración 2021. Fonte: IGE – Movementos migratorios (IGE. Emigracións segundo tipo de migración)

Concellos	Total	Da mesma provincia	De outra provincia	De outra CCAA	Do estranxeiro
Arzúa	180	109	16	31	24
Boimorto	39	25	2	7	5
Melide	298	106	56	87	49
O Pino	112	74	9	23	6
Santiso	36	20	7	9	0
Sobrado	50	29	4	9	8
Toques	28	21	3	3	1
Touro	96	65	5	19	7
Vilasantar	63	43	2	14	4
GDR	902	492	104	202	104
A Coruña	44.736	23.325	4.218	8.697	8.496
Galicia	104.893	51.580	12.163	21.431	19.719

Táboa 10. Inmigración 2021. Fonte: IGE – Movementos migratorios (IGE. Inmigracións segundo tipo de migración)

No ano 2021, en xeral, a totalidade dos concellos do GDR Ulla Tambre Mandeo presenta saldo migratorio positivo, principalmente debido á inmigración procedente do estranxeiro e pese ás persoas que saen do territorio cara outros lugares do país. Ben é certo que detrás destes datos de migracións positivas a concellos que perden gran cantidade de poboación, para o ano estudado, pode ter influencia a pandemia COVID-19 do ano 2020 pola súa casuística propia e puntual: adquisición de vivendas e mudanza ó rural desde o ámbito urbano, novos censos e empadroamentos no rural por mor das limitacións á mobilidade, etc.

É salientable o caso do concello do Pino, en particular, pois segundo os datos poboacionais estudados, é un dos concellos, xunto coas cabeceiras comarcais, máis dinámico neste ámbito de estudo e, sen embargo, no ano 2021 é o que presenta un dato de saldo migratorio máis negativo, coa emisión dun gran número de persoas á mesma provincia, seguramente, a Santiago de Compostela ou outros concellos da área metropolitana da capital cunha maior dispoñibilidade de vivenda.

B.2.2. Nivel de instrución

En canto ao nivel de estudos, os datos máis actualizados dispoñibles no Instituto Galego de Estatística a nivel de desagregación municipal son os do censo do ano 2011, onde se reflicte unha posición de desvantaxe da poboación do Ulla Tambre Mandeo con respecto ós datos provinciais e galegos, cun nivel de formación, en xeral, inferior. Así, mentres que para o conxunto de A Coruña e Galicia, a poboación sen estudos acadaba un 100% aproximadamente, no caso do GDR, a poboación sen estudos roldaba o 18%. O contrario acontecía coa poboación que acaba a superar os estudos de terceiro grao, cun escaso 6% da poboación no caso do GDR, a metade con respecto aos datos analizados para a provincia e o conxunto de Galicia.




Gráfico 5. Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos. Ano 2011. GDR - A Coruña - Galicia

Concellos	Analfabetos e sen estudos	Primeiro Grao	Segundo Grao	Terceiro Grao	Non aplicable
Arzúa	1.185	1.244	2.773	467	589
Boimorto	505	539	845	127	152
Melide	1.167	1.629	3.210	493	934
O Pino	656	799	2.281	436	538
Santiso	380	556	677	105	130
Sobrado	527	407	879	88	129
Toques	314	274	577	55	89
Touro	587	1.125	1.755	197	342
Vilasantar	307	368	542	53	86
GDR	5.628	6.941	13.539	2.021	2.989
A Coruña	125.639	161.923	529.193	176.319	144.481
Galicia	313.809	410.098	1.304.126	383.431	348.425

Táboa 11. Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos. Ano 2011. IGE – Censos de poboación e vivendas. Educación (IGE. Poboación en vivendas familiares segundo o nivel de estudos)

B.2.3. Indicadores de calidade de vida

Neste apartado analizaranse varios indicadores que teñen que ver coa calidade de vida da poboación local como son: a renda dispoñible bruta por habitante e o PIB *per cápita* municipal.

En canto á renda dispoñible bruta por habitante, analizada para o ano 2019, amosa valores máis baixos que a media galega e provincial, o mesmo ocorre co dato do PIB *per cápita* para a anualidade 2018. Ambos amosan que, de media, a poboación local conta cunha menor nivel de renda e poder adquisitivo que a media galega.

Se analizamos os datos municipais desgregados, para a renda bruta dispoñible por habitante, a cal se obtén a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son un recurso para os fogares, menos os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes que son un emprego para os fogares; catro

son os municipios que amosan unha cifra maior que a media do territorio: as cabeceiras comarcais de Arzúa e Melide, o concello de O Pino e o concello de Vilasantar.

Se analizamos a clasificación a nivel provincial, cinco dos concellos do Ulla Tambre Mandeo, os de menor renda dispoñible bruta por habitante reflectidos na táboa que figura a continuación, se sitúan nos últimos once postos, sendo o concello de Toques, de novo desde o ano 2015, o de menor renda dispoñible bruta por habitante.

Concellos	Renda dispoñible bruta por habitante 2019	Variación 5 anos	Indicador Municipal da renda (Galicia=100)	PIBpc 2018
Arzúa	14.196	10,98%	89,49	19.727
Boimorto	11.683	6,13%	73,65	21.099
Melide	12.756	8,82%	80,41	18.556
O Pino	13.597	11,71%	85,72	14.367
Santiso	11.632	4,21%	73,33	12.683
Sobrado	12.031	8,98%	75,84	18.037
Toques	9.665	7,48%	60,93	15.797
Touro	11.622	7,91%	73,26	14.053
Vilasantar	13.534	13,44%	85,32	20.544
GDR	12.302	8,99%	77,55	17.207
A Coruña	16.990	12,33%	107,10	25.233
Galicia	15.863	11,21%	100,00	23.031

Táboa 12. Indicadores de calidade de vida. Fonte: IGE – Renda dos fogares municipal (IGE – Renda municipal do sector fogares) e IGE – PIB municipal (IGE – Produto interior bruto municipal)

B.2.4. Mercado de traballo

Pese á terciarización da economía do GDR Ulla Tambre Mandeo, o territorio conta aínda cunha importante base agraria, tanto se falamos en termos de VEB sectorial como se nos referimos aos efectivos de traballo empregados e o número de contratos segundo o sector de actividade, se a comparamos co caso galego ou cos datos provinciais.

Así, mentres que en Galicia, para o ano 2021, os contratos no sector primario significaron preto dun 4% do total, no caso do Ulla Tambre Mandeo esta porcentaxe ascende a case un 6.5%. A nivel interno esta forte base agraria destaca nos concello de Toques, Santiso e Vilasantar. Seguindo coa análise, a baixa contía dos contratos realizados no sector secundario con respecto a Galicia, deixa ver o escaso desenvolvemento do sector industrial local, sobre todo tendo en conta que a construción reflicte cifras lixeiramente superiores ó caso galego.

Finalmente, a porcentaxe de contratos do sector terciario do GDR, lixeiramente maior de medida no ano 2021 que o total galego concéntrase especialmente nos concellos polos que transcorre o Camiño Francés (Arzúa, Melide e O Pino), o que nos indica que seguramente sexa no subsector da restauración e aloxamento onde se estean formalizando estes contratos na súa maior parte.

A táboa seguinte tamén desagrega os datos dos contratos realizados por sexos, deste xeito, vemos que os contratos a mulleres tanto no sector primario como na industria, e sobre todo na construción, son minoritarios. Pola contra, o 63% dos contratos no ano 2021 do sector servizos foron a mulleres.

Concellos	Total		Agricultura e pesca		Industria		Construción		Servizos	
	Total	%M	Total	%M	Total	%M	Total	%M	Total	%M
Arzúa	96	58,7%	6	20,8%	9	20,4%	4	5,7%	76	69,6%
Boimorto	24	55,5%	2	13,6%	3	42,1%	1	7,1%	18	65,1%
Melide	165	51,7%	11	21,8%	15	38,4%	8	4,3%	131	58,6%
O Pino	80	50,8%	4	6,4%	10	37,4%	4	5,9%	62	58,8%
Santiso	21	45,2%	2	33,3%	2	46,4%	1	15,4%	16	48,4%
Sobrado	18	50,5%	1	12,5%	5	31,6%	1	0,0%	12	65,2%
Toques	11	48,0%	1	0,0%	2	10,5%	1	7,7%	7	72,5%
Touro	52	55,7%	3	16,7%	7	20,7%	2	3,6%	40	67,6%
Vilasantar	13	55,8%	1	13,3%	3	40,0%	1	0,0%	9	69,9%
GDR	479	53,3%	31	17,9%	56	32,2%	24	5,3%	369	62,5%
A Coruña	28.889	49,5%	982	18,9%	4.158	42,0%	1.302	6,3%	22.447	54,7%
Galicia	73.892	47,6%	2.862	20,3%	13.140	39,6%	2.903	6,4%	54.988	53,1%

Táboa 13. Contratos. Ano 2021. Fonte: IGE – Contratos (IGE. Contratos iniciais segundo xénero, sector de actividade económica e localidade de residencia do traballador)



Gráfico 6. Distribución dos contratos de 2021 por sectores de actividade en Galicia. Fonte: elaboración propia a partir do IGE




Gráfico 7. Distribución dos contratos de 2021 por sectores de actividade no GDR. Fonte: elaboración propia a partir do IGE

Na táboa que aparece a continuación reflíctense os datos do paro xuvenil, medido polas demandas de emprego de menores de 25 anos, así como o paro de longa duración, medido polas demandas de emprego cunha antigüidade maior a un ano.

En xeral, o territorio do GDR amosa unhas cifras relativas de paro xuvenil e de longa duración moi similares ao caso galego e aos datos provinciais. O paro xuvenil rolda o 3.8% do total das demandas de emprego, moi próximo ós valores que acadara a provincia de A Coruña e Galicia, cunha entidade do 4% aproximado do total. No caso das demandas de emprego de longa duración, veñen a significar nos tres ámbitos territoriais estudados arredor do 52% do total, algo que debería ser obxecto de estudo pormenorizado e, ademais, un dato a ter en conta no caso do deseño de plans de formación orientado cada a empregabilidade da futura estratexia do GDR 2023-2027.

Na táboa tamén se desagregan os datos segundo o sexo, en xeral, o paro rexistrado feminino supón case un 60% do total contabilizado no ano 2021, constante que se mantén desde fai anos en todos e cada un dos ámbitos de estudo territorial. Tanto no eido do paro xuvenil como no paro de longa duración se reflicte este reparto, co paro feminino supoñendo algo máis da metade das demandas rexistradas.

Concellos	Parados		Parados menores de 25 anos		Máis dun ano en paro	
	Total	%M	Total	%M	Total	%M
Arzúa	233	57,08%	6	33,33%	121	57,85%
Boimorto	71	50,70%	2	100,00%	42	52,38%
Melide	384	59,38%	18	66,67%	189	59,26%
O Pino	176	63,07%	6	50,00%	85	68,24%
Santiso	65	52,31%	4	50,00%	42	52,38%
Sobrado	49	46,94%	1	100,00%	23	43,48%
Toques	40	47,50%	2	50,00%	25	48,00%
Touro	135	57,78%	6	33,33%	63	65,08%
Vilasantar	40	42,50%	0	0,00%	20	45,00%
GDR	1.193	56,92%	45	55,56%	610	58,36%
A Coruña	65.600	58,01%	2.624	51,45%	34.558	60,53%
Galicia	163.447	58,04%	6.706	50,03%	83.860	61,19%

Táboa 14. Persoas en situación de desemprego. Ano 2021. Fonte: IGE – Demandas de emprego (IGE. Paro rexistrado segundo xénero, grupos de idade e duración da demanda
<https://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp?COD=744&M=1&S=&RET=>)

Na seguinte táboa amósanse os datos do paro rexistrado por sectores económicos, así como o segmento de demandas de persoas sen emprego anterior. Aínda que a distribución do peso relativo por sectores económicos do conxunto das demandas de emprego rexistradas é moi similar entre o GDR e o caso galego, hai pequenas diferencias. Así, en ambos os casos, o maior número de demandas de emprego se da no sector servizos, pero con moita menos intensidade no GDR, froito da súa menor terciarización.

Concellos	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Arzúa	184	13	18	19	125	9
Boimorto	62	6	7	10	35	4
Melide	337	38	43	20	210	26
O Pino	156	6	15	12	109	14
Santiso	52	2	6	9	32	3
Sobrado	46	4	5	4	28	5
Toques	29	3	2	6	15	4
Touro	125	3	16	9	87	9
Vilasantar	37	3	4	1	26	2
GDR	1.028	78	116	90	667	76
A Coruña	58.239	1.507	5.866	4.454	41.439	4.973
Galicia	146.167	5.136	15.584	10.352	103.327	11.768

Táboa 15. Paro por sectores de actividade 2004. Fonte: IGE – Demandas de emprego (IGE. Paro rexistrado segundo sector de actividade (datos mensuais ata abril de 2005 e medias anuais)




Gráfico 8. Distribución das demandas de emprego por sectores no GDR Ulla Tambre Mandeo. Ano 2022. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.




Gráfico 9. Distribución das demandas de emprego por sectores en Galicia. Ano 2022. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Para completar a análise do mercado de traballo, a continuación reflíctense as afiliacións á Seguridade Social, na primeira táboa, segundo o réxime de afiliación. En xeral, a distribución segundo o réxime de afiliación é similar, agás as que derivan das características propias de cada ámbito territorial: no territorio do GDR, con nove concellos do interior, as afiliacións ao réxime do mar son practicamente nulas e o sector agrario ten un peso relativo moito maior que a media galega como territorio eminentemente rural que é. Tamén é salientable que no caso do GDR se de un peso relativo do réxime de autónomos maior ó caso galego e o do réxime xeral lixeiramente menor; seguramente relacionado coa inexistencia no GDR de grandes industrias ou empresas intensivas en factor traballo.

Concellos	Total	Xeral	Autónomos	Agrario	Mar	Fogar
Arzúa	2.417	1.459	846	70	2	41
Boimorto	714	416	244	41	0	13
Melide	2.947	1.834	970	61	1	81
O Pino	1.924	1.383	462	35	1	44
Santiso	564	307	235	14	0	9
Sobrado	692	404	259	20	0	9
Toques	431	234	180	8	0	9
Touro	1.355	929	354	41	0	31
Vilasantar	468	286	155	14	2	12
GDR	11.512	7.251	3.704	304	6	249
A Coruña	419.940	314.376	84.544	2.129	8.165	10.727
Galicia	995.070	737.989	207.486	5.998	18.668	24.928

Táboa 16. Afiliacións á Seguridade Social segundo réxime de afiliación. Ano 2021. Fonte: IGE – Afiliacións á Seguridade Social (IGE. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e o réxime de afiliación (desde 2011))




Gráfico 10. Distribución das afiliacións á Seguridade Social segundo réxime de afiliación en Galicia. Ano 2021. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.




Gráfico 11. Distribución das afiliacións á Seguridade Social segundo réxime de afiliación no GDR Ulla Tambre Mandeo. Ano 2021. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A lectura da información de afiliacións á Seguridade social segundo o sector de actividade, que se reflicte na seguinte táboa e gráficos, é similar á que se extrae tanto dos contratos no 2021 como do paro sectorial rexistrado no 2004. A economía do GDR segue a ter unha forte base agraria, cun peso importante deste sector tanto no VEB xerado, como se verá na análise sectorial polo miúdo neste estudo, como no número de efectivos de persoal ocupados; concretamente, mentres que as afiliacións á seguridade social no caso galego suman case un 6% para o conxunto do sector primario (agricultura e pesca), no GDR este valor sitúase próximo ó 19%. O peso relativo do sector da construción tamén é lixeiramente maior no caso do GDR, mentres que ocorre o contrario co sector servizos, de menor entidade relativa de media no GDR, polo seu menor grado de terciarización con respecto do conxunto galego.

Concellos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Arzúa	2.417	497	285	211	1.416
Boimorto	714	183	70	59	398
Melide	2.947	364	340	295	1.941
O Pino	1.924	273	244	180	1.221
Santiso	564	166	67	56	273
Sobrado	692	180	84	48	377
Toques	431	147	38	48	195
Touro	1.355	211	242	140	755
Vilasantar	468	105	68	44	250
GDR	11.512	2.126	1.438	1.080	6.824
A Coruña	419.940	20.661	52.098	33.079	312.397
Galicia	995.070	55.550	140.104	74.908	720.484

Táboa 17. Afiliacións á Seguridade Social segundo o sector de actividade. Media anual 2021. Fonte: IGE – Afiliacións á Seguridade Social (IGE. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e o sector de actividade (CNAE-2009) (desde 2011)




Gráfico 12. Distribución das afiliacións á Seguridade Social segundo sector económico no GDR Ulla Tambre Mandeo. Ano 2021. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.




Gráfico 13. Distribución das afiliacións á Seguridade Social segundo sector económico en Galicia. Ano 2021. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

B.2.5. Análise empresarial

A composición do tecido empresarial do GDR atópase conformado maiormente por persoas físicas e microempresas, ao igual que o conxunto galego, aínda que cun maior grado de atomización nos nosos nove concellos. Así se reflicte se analizamos o tamaño medio das empresas da táboa que aparece a continuación. O maior peso do sector primario, con explotacións familiares ou con escaso nivel de emprego asalariado, e un sector industrial pouco desenvolvido, confórmanse como algunhas das razóns da estrutura do tecido empresarial local.

Por outra banda, na seguinte táboa pódese ver a variación do número de empresas no territorio do GDR no entre os anos 2015 e 2020, aínda que no conxunto do GDR o número de empresas se incrementou en máis dun 2%, comportamento contrario ó que presenta a Comunidade Autónoma, as diferencias entre concellos son palpables.

A táboa reflicte as altas e baixas de empresas no ano 2020, o ano no que estalou a pandemia do COVID, polo cal debemos consideralo un dos factores explicativos no movemento de creación e destrución de actividade económica, sobre todo naqueles concellos con Camiño de Santiago.

Dos concellos situados no Camiño Francés, só un amosa un resultado negativo no tocante á variación do número de empresas nos últimos cinco anos, o concello de O Pino, influenciado directamente pola pandemia e os seus efectos no sector da restauración e hostalería. Arzúa e Melide seguen cunha expansión en canto ó número de empresas.

Os concellos que presentan un maior crecemento no número de empresas entre os anos 2016 e 2020 son, sen dúbida, os concellos do Camiño Norte e Primitivo; directamente relacionado coas expectativas do Xacobeo 2021 e coa posta en marcha da medida Leader 2014-2020 e a súa apertura ó financiamento de negocios de aloxamento nestes trazados do Camiño (Abeiro da Loba e Vía Sacra en Sobrado, Pensión O Real en Boimorto, etc.).

Un dos concellos que ten un comportamento especialmente negativo en referencia á destrución de empresas no período analizado é o concello de Touro. A través da análise dos datos da redución por actividades principais de cada empresa, moitas das que causaron baixa neste concello pertencen ao sector primario.

Concellos	Empresas	Variación 5 anos (2016-2020)	Altas	Baixas	Permanencia	Tamaño medio
Arzúa	857	1,30%	69	87	788	2,08
Boimorto	274	5,38%	25	20	249	2,90
Melide	1.004	1,41%	86	104	918	1,97
O Pino	450	-3,85%	38	51	412	2,60
Santiso	243	-1,62%	26	21	217	1,44
Sobrado	281	1,44%	35	14	246	2,15
Toques	196	10,11%	21	8	175	2,00
Touro	359	-13,08%	20	42	339	3,31
Vilasantar	183	-0,54%	19	14	164	1,71
GDR	3.847	0,06%	339	361	3.508	2,24
A Coruña	99.932	-1,14%	9.587	11.275	90.345	3,50
Galicia	245.660	-0,26%	23.942	26.504	221.718	3,26

Táboa 18. Empresas ano 2020. Fonte: IGE – Directorio de empresas (IGE. Altas, baixas e permanencias segundo a sede social e IGE. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e condición xurídica e IGE. Tamaño medio das empresas con sede en Galicia)

A atomización do tecido empresarial, antes mencionada, conséntase se se analizan os datos da empresas do Ulla Tambre Mandeo segundo a súa forma xurídica, reflectidos na táboa seguinte. Así, mentres que para Galicia as persoas físicas supoñen o 63% do total de actividades económicas desenvolvidas, esta porcentaxe acada o 75% no caso do GDR. As sociedades

anónimas supoñen unicamente o 0.2% do total das empresas do GDR e cinco dos nove concellos non rexistran ningunha entidade con esta forma xurídica. Algo parecido ocorre coas sociedades limitadas, mentres que en Galicia case o 27% das empresas presentan esta forma xurídica, no GDR a porcentaxe ascende a un 14%.

Un dato a ter en conta é que, pese a forte base agraria da economía do GDR comparada co conxunto galego, as cooperativas, en canto a número de empresas, supoñen un peso relativo de case igual contía en ambos casos. Polo tanto, a economía social ten marxe de ampliación e mellora no territorio do GDR.

Concellos	Total	Persoas Físicas	S. Anónimas	S. Limitadas	S. Cooperativas	Outros
Arzúa	857	628	1	116	7	105
Boimorto	274	211	1	24	3	35
Melide	1.004	753	4	182	1	64
O Pino	450	329	2	77	5	37
Santiso	243	196	0	21	2	24
Sobrado	281	220	0	36	1	24
Toques	196	166	0	16	0	14
Touro	359	253	0	67	3	36
Vilasantar	183	145	0	17	0	21
GDR	3.847	2.901	8	556	22	360
A Coruña	99.932	64.314	1.012	26.110	444	8.052
Galicia	245.660	156.293	2.536	65.556	1.129	20.146

Táboa 19. Número de empresas segunda a súa condición xurídica ano 2020. Fonte: IGE – Directorio de empresas (IGE. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e condición xurídica




Gráfico 14. Distribución das empresas segundo forma xurídica no GDR Ulla Tambré Mandeo. Ano 2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Gráfico 15. Distribución das empresas segundo forma xurídica en Galicia. Ano 2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

En coherencia co tamaño medio das empresas e a súa forma xurídica, a táboa seguinte amosa o número de empresas segundo o estrato de asalariados, así compróbase que a práctica totalidade de empresas do territorio son microempresas con menos de dez empregados (98,23%). Só dúas empresas superan os 100 empregados no ano 2020 no GDR: unha en Boimorto, dedicada a servizos asistenciais a persoas maiores, e outra en Touro, dedicada á enxeñaría civil dentro do sector da construción.

Concellos	Total	Sen asalariados	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50- 99	100- 249	>250
Arzúa	857	645	149	35	14	8	4	2	0	0
Boimorto	274	221	33	11	5	0	2	1	1	0
Melide	450	341	67	18	12	7	3	2	0	0
O Pino	359	270	55	12	9	8	3	1	1	0
Santiso	183	149	19	8	5	1	1	0	0	0
Sobrado	1.004	704	191	61	32	9	6	1	0	0
Toques	243	208	21	7	5	1	1	0	0	0
Touro	281	217	39	16	7	0	2	0	0	0
Vilasantar	196	168	18	5	2	2	1	0	0	0
GDR	3.847	2.923	592	173	91	36	23	7	2	0
A Coruña	99.932	68.143	17.879	7.073	3.002	2.026	1.185	342	186	57
Galicia	245.660	167.160	44.201	17.749	7.354	5.001	2.811	809	407	100

Táboa 20. Número de empresas segundo o estrato de asalariados ano 2020. Fonte: IGE – Directorio de empresas (IGE. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e estrato de asalariados)

A distribución de empresas segundo a súa actividade principal, que se reflicte na táboa seguinte, serve para profundar na idea da economía eminentemente rural que define o UTM en comparación co conxunto galego. Mentres que en Galicia, para o ano 2020, o 16% das empresas se dedican ao sector primario en Galicia o 46% do total da empresas se dedican a este sector, pola contra, o sector servizos que en Galicia aglutina o 66% das empresas, no UTM a porcentaxe rolda o 40%.

Concellos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Arzúa	857	399	31	80	347
Boimorto	274	168	6	23	77
Melide	1.004	266	46	162	530
O Pino	450	185	23	40	202
Santiso	243	153	10	17	63
Sobrado	281	175	9	23	74
Toques	196	138	6	15	37
Touro	359	177	21	40	121
Vilasantar	183	112	4	18	49
GDR	3.847	1.773	156	418	1.500
A Coruña	99.932	15.216	5.325	12.011	67.380
Galicia	245.660	40.918	14.035	29.330	161.377

Táboa 21. Número de empresas segundo a súa actividade principal. Ano 2020. Fonte: IGE – Directorio de empresas (IGE. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e condición xurídica)

B.2.6. Análise sectorial

A continuación analízase o peso relativo dos sectores produtivos e ramas de actividade en función do Valor Engadido Bruto xerado, para o caso do GDR a nivel comarcal, xa que no IGE son os datos dispoñibles con maior desagregación, non obstante, estes datos son facilmente extrapolables para o concello de Vilasantar. En relación a Galicia, a maior diferenza atópase na agricultura, cun valor engadido que case quintuplica o valor galego na comarca de Arzúa. A diferenza no valor engadido da industria tamén é notable, de case o dobre en Galicia con respecto a Arzúa, e dun 166% se a comparación se fai con Melide. Dentro do sector industrial é de destacar a maior importancia que ten no Ulla Tambre Mandeo o epígrafe de industria agroalimentaria, o cal se relaciona directamente coa existencia de numerosas queixerías, moitas delas produtoras baixo a Denominación de Orixe Protexida Queixo Arzúa-Ulloa.

As diferenzas entre a comarca de Arzúa e a de Melide é menor. Destaca en Melide un maior peso no sector servizos, o que dá unha idea do enorme polo comercial e de ocio que supón a vila de Melide, pois os outros concellos da comarca teñen moi pouco pulo neste sector. Arzúa ten un maior valor engadido na construción. Non obstante, a estrutura sectorial do valor engadido é similar en ambas as comarcas, coa preponderancia do sector servizos pouco acusada e un peso relativo da agricultura moi alto, para estar nunha economía desenvolvida dun país occidental europeo.

	Galicia		Comarca Arzúa		Comarca Melide	
Sector primario	2.894.860	5,14%	66.722	26,71%	34.480	17,88%
Industria agroalimentaria	1.592.824	2,83%	7.867	3,15%	7.629	3,96%
Madeira, papel e mobles	726.893	1,29%	2.359	0,94%	2.081	1,08%
Industria extractiva e pesada	5.113.005	9,07%	7.776	3,11%	6.668	3,46%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	3.142.364	5,58%	8.500	3,40%	9.422	4,89%
Industria	10.575.086	18,77%	26.502	10,61%	25.800	13,38%
Construción	4.089.691	7,26%	23.761	9,51%	14.835	7,69%
Servizos	38.794.809	68,84%	132.790	53,16%	117.722	61,05%
Comercio, transporte e hostalería	12.980.242	23,03%	46.529	18,63%	54.526	28,28%
Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais	13.210.847	23,44%	40.447	16,19%	31.994	16,59%
AAPP, Educación, Sanidade e outros servizos	12.603.720	22,37%	45.814	18,34%	31.202	16,18%
TOTAL VEB	56.354.446		249.775		192.837	

Táboa 22. VEB por sector e rama de actividade (miles de euros). Ano 2018. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.




Gráfico 16. Distribución do VEB por sector e rama de actividade en Galicia. Ano 2018




Gráfico 17. Distribución do VEB por sector e rama de actividade na Comarca de Arzúa. Ano 2018




Gráfico 18. Distribución do VEB por sector e rama de actividade na Comarca de Melide. Ano 2018

Nos seguintes gráficos desagreganse os datos por rama de actividade e ordénanse segundo o seu VEB en miles de euros. No caso de Galicia as ramas de actividade que maior VEB xeran son os relacionados co sector servizos: actividades de información, financeiros, etc., os relacionados cos servizos públicos e os do comercio, transporte e hostalería; no caso da comarcas de Arzúa e Melide este último tamén é un dos de maior VEB, grazas ao Camiño de Santiago, pero moi igualado co sector primario, o cal, no caso concreto de Arzúa, é o que maior VEB presenta.



Gráfico 19. VEB para Galicia por rama de actividade. Ano 2018. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Gráfico 20. VEB para a comarca de Arzúa por rama de actividade. Ano 2018. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Gráfico 21. VEB para a comarca de Melide por rama de actividade. Ano 2018. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Nos seguintes apartados analízanse polo miúdo algúns dos subsectores de interese para o GDR.

B.2.6.1. Sectores relevantes GDR: sector agrario e forestal

Tal e como se viu ó longo deste documento, aínda que a estrutura económica do Ulla Tambre Mandeo está terciarizada, como é propio das economías do primeiro mundo, o sector primario aínda conta cun forte peso relativo na economía territorial polo seu mercado ruralismo.

Un dos elementos que máis influencia a evolución do sector primario en Galicia e, polo tanto, no Ulla Tambre Mandeo, desde a posta en marcha da Unión Europea, é a política agraria común e as súas sucesivas reprogramacións. A pesar de que historicamente a PAC foi perdendo peso relativo na UE, é aínda a política con maior orzamento e máis peso, o que determina en gran medida as políticas nacionais e autonómicas, e inflúe significativamente na agricultura galega, con gran peso na economía. A tecnificación sen precedentes, que se levou a cabo nas últimas décadas e a modernización do sector, está influída por uns réximes de axudas que apoian a innovación tecnolóxica; máquinas, en gran parte, importadas de países centro europeos.

O agro galego actual non ten nada que ver coa da xeración anterior, se ben aínda conviven pequenas explotacións de subsistencia que nos dotan de identidade e marcan unha forma de vida rural, dende o punto de vista empresarial téndese á concentración e á modernización. O Ulla Tambre Mandeo non é alleo a este cambio, cunha base agraria dominada pola produción intensiva de leite, e un monte dual no que predominan as coníferas na parte máis occidental e un menor aproveitamento madeireiro na parte oriental, tal e como se analiza polo miúdo a continuación.

Sector agrario e forestal: uso do solo agrícola e forestal

Un dos factores que condiciona o uso do solo é a existencia ou non de concentracións parcelarias. A maior porcentaxe de terreo concentrado atópase en torno a Santiago, e neste sentido, a parte máis occidental do territorio do GDR UTM é a que conta con máis concentracións parcelarias realizadas, tal e como se aprecia na seguinte imaxe. O proceso de concentración parcelaria no territorio deu comezo nos anos 70. A máis antiga é a de Burres, en Arzúa, que entregou os títulos no ano 1968. Hoxe en día séguense entregando títulos da concentración, 50 anos despois, o que nos dá unha idea da complexidade da propiedade en Galicia.




Figura 14. Extensión da Concentración Parcelaria no GDR Ulla Tambre Mandeo.

A estrutura agraria e forestal, o aproveitamento do solo, o tipo de plantacións forestais e a superficie queimada parece que gardan relación coas concentracións parcelarias, pois tal e como se analiza no apartado do sector forestal, son os concellos con menor superficie concentrada os que teñen menor superficie arborada de monte e tamén os que sofren un maior número de incendios.

Dos tres millóns de hectáreas que hai en Galicia, dous terzos corresponden a superficie forestal, e un cuarto a superficie cultivada ou prados. Esta estrutura apenas mudou entre os anos 2006 e 2015 (IGE, 2016). O territorio do GDR segue unha estrutura similar, con máis terreo forestal que agrícola, pero o forestal ten menor peso e o de cultivos maior peso que a media de Galicia, dada a importancia da gandería de vacún de leite. As diferenzas entre concellos son notables, mentres que catro concellos superan o 40% de superficie cultivada (Melide, Boimorto, Arzúa e Vilasantar), hai dous, Sobrado e Toques, que se aproximan a media galega e se atopan por baixo do 30%, os mesmos dous concellos coa maior porcentaxe de superficie forestal (en torno ó 70%).




Gráfico 22. Distribución xeral da terra en Galicia. Ano 2020. Fonte: Estatísticas Agrarias. Consellería de Medio Rural.




Gráfico 23. Distribución xeral da terra na comarca de Arzúa. Ano 2020. Fonte: Estatísticas Agrarias. Consellería de Medio Rural.




Gráfico 24. Distribución xeral da terra na comarca de Melide. Ano 2020. Fonte: Estatísticas Agrarias. Consellería de Medio Rural.

O sector agrario no Ulla Tambre Mandeo está composto maioritariamente por explotacións de vacún de leite, tal como se pode deducir do tipo de gando que prima, o gando bovino supón case un 61% do total e o principal tipo de cultivo, ao que se destina máis do 96% da terra agrícola, son os cultivos forraxeiros para alimentación animal. Constátase desde hai anos unha caída do número de explotacións e un aumento do tamaño das que sobreviven. Aínda así, case o 56% do total das explotacións segundo o Censo Agrario de 2009 teñen menos de 10 hectáreas asociadas, o cal pode supoñer un hándicap importante á hora de adaptarse á política agraria común. Con respecto a Galicia, o tamaño medio das explotacións é maior no UTM, non obstante, hai que ter en conta a forte especialización en gando vacún, o que supón unhas necesidades de forraxe que ocuparían unha grande extensión, de ser as explotacións autosuficientes. Non é comparable cunha explotación hortícola ou unha granxa de coellos, por exemplo.

Na diversificación do sector gandeiro, o porcino ocupa o segundo lugar, con un peso un pouco maior que o galego e cunha forte expansión nos últimos anos no GDR Ulla Tambre Mandeo.




Gráfico 25. Explotacións gandeiras por tipo de gando en Galicia, Unidades Gandeiras Totais. Ano 2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Gráfico 26. Explotacións gandeiras por tipo de gando no GDR Ulla Tambre Mandeo, Unidades Gandeiras Totais. Ano 2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Gráfico 27. Distribución dos principais grupos de cultivos en Galicia, hectáreas. Ano 2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Gráfico 28. Distribución dos principais grupos de cultivos na Comarca de Arzúa, hectáreas. Ano 2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

En canto á idade dos titulares das explotacións agrarias, o ámbito xeográfico do GDR amosa uns datos máis positivos que a media galega, con titulares de explotación máis novos, en xeral. Non obstante, a preocupación polo relevo xeracional debe estar presente, xa que só arredor do 14% dos titulares conta con menos de 44 anos no GDR.




Gráfico 29. Distribución dos titulares das explotacións agrarias segundo tramos de idade en Galicia. Ano 2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.




Gráfico 30. Distribución dos titulares das explotacións agrarias segundo tramos de idade no GDR Ulla Tambre Mandeo. Ano 2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

No tocante aos efectivos de persoal ocupados por explotación, as explotacións do Ulla Tambre Mandeo seguen o modelo xeral galego sen grandes diferenzas. Á vista dos datos seguen imperando as explotacións de carácter familiar, nas que a explotación acolle a UTA do titular da mesma, na inmensa maioría de casos, ou ben emprega ao titular e a algún membro máis da unidade familiar.




Gráfico 31. Distribución das explotacións agrarias en Galicia segundo o número de UTAs. Censo Agrario 2009. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE.




Gráfico 32. Distribución das explotacións agrarias no GDR Ulla Tambre Mandeo segundo o número de UTAs. Censo Agrario 2009. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE.

No Ulla Tambre Mandeo existe unha porcentaxe de superficie forestal inferior á media galega. Administrativamente, os nove concellos do Ulla Tambre Mandeo intégranse en tres demarcacións forestais pertencentes a dous distritos forestais, do seguinte xeito:

1. O concello de Vilasantar pertence á Demarcación de Betanzos, no Distrito Forestal II. Bergantiños-Mariñas Coruñesas.
2. Os concellos de Arzúa, O Pino e Touro á Demarcación de Arzúa; os concellos de Boimorto, Melide, Santiso, Sobrado e Toques á Demarcación de Melide; ambas pertencentes ao Distrito Forestal III. Santiago-Meseta Interior.

Por outra banda, cómpre salientar que a presenza de monte forestal baixo a clasificación de man común é moi diversa segundo o concello que se analice:

- En cinco dos nove concellos integrantes do UTM (Arzúa, Touro, O Pino, Vilasantar e Santiso) non existe ningunha comunidade de monte veciñal.
- En tres dos nove concellos, existe unha comunidade de monte veciñal identificada nunha parroquia cunha superficie incluída moi baixa con respecto ao total forestal: Codesoso en Sobrado, Folladela en Melide e Boimil en Boimorto
- Nun dos concellos, Toques, existen oito comunidades de monte veciñal, as cales aglutinan o 55% da superficie total forestal municipal, o que o converte nun caso único dentro do UTM: Santa Uxía do Monte, Vilouriz, San Martín de Oleiros, Capela, Ordes, Vilamor, Brañas e Paradela.

	2011 (Hectáreas)		% forestal	Superficie forestal en man común	% man común
	Superficie total	Superficie forestal			
Galicia	2.957.469	1.763.153	59,62%		
Toques	7.793	5.566	71,42%	3.078,78	55,07%
Sobrado	12.064	8.241	68,31%	346,00	4,18%
Touro	11.534	6.777	58,76%		
O Pino	13.215	7.218	54,62%		
Media UTM	91.179	49.040	53,78%		
Vilasantar	5.922	3.026	51,10%		
Arzúa	15.548	7.054	45,37%		
Melide	10.130	4.576	45,17%	250,00	5,40%
Boimorto	8.234	3.639	44,19%	37,87	1,08%
Santiso	6.739	2.943	43,67%		

Táboa 23. Superficie forestal total e en réxime de man común dos distintos municipios do Ulla Tambre Mandeo (hectáreas). Ano 2011. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE. Anuario de estatística agraria. Consellería do medio rural.

Cómpre salientar que unha maior extensión no eido da superficie forestal non implica un maior aproveitamento madeireiro, tal e como se pode ver na táboa seguinte, onde se amosan os datos de 2011, últimos dispoñibles por concellos, na que se compara a superficie forestal arborada municipal con respecto á superficie forestal total. Os catro concellos da comarca de Arzúa, presentan unha estrutura case idéntica, con máis do 95% da superficie forestal dedicada ao arborado. Estes índices apenas sufriron variacións dende o 2006. Tres concellos incrementaron lixeiramente a superficie arborada e presentan valores medios: Santiso, Melide e Vilasantar e, por último, Sobrado e Toques teñen unha gran porcentaxe dedicada a pasteiro, pasteiro arbustivo e mato, pero a porcentaxe de superficie arborada medra a maior ritmo, alcanzando un 50% Sobrado no 2011 fronte o 39% de 2006, e un 31% Santiso que partía dun 17% no 2006. Estes dous concellos teñen unha gran superficie de monte (O Bocelo e O Careón), ademais, no caso de Toques, pode estar directamente relacionado coa protección de arredor do 40% do territorio municipal baixo a figura da Rede Natura 2000, que protexe os corredores verdes e as zonas de matogueira, que cumpren unha labor ambiental. Coincide tamén a superficie arborada maior con maior superficie de concentración parcelaria no concello. Así, son os

concellos que están máis preto de Santiago, os que teñen un maior aproveitamento forestal, sendo estes mesmos concellos os que teñen unha maior superficie de terras con concentración parcelaria.

	Superficie forestal (Ha)	Forestal arborado (Ha)	%
Galicia	1.763.153	1.155.348	65,53%
Boimorto	3.639	3.510	96,46%
O Pino	7.218	6.940	96,15%
Touro	6.777	6.472	95,50%
Arzúa	7.054	6.732	95,44%
Santiso	2.943	2.380	80,87%
Media UTM	49.040	37.252	75,96%
Melide	4.576	3.200	69,93%
Vilasantar	3.026	1.938	64,04%
Sobrado	8.241	4.089	49,62%
Toques	5.566	1.713	30,78%

Táboa 24. Superficie forestal arborada dos distintos concellos do Ulla Tambre Mandeo. Ano 2011. Fonte. Elaboración propia a partir do Anuario de estatística agraria. Consellaría do Medio Rural

B.2.6.2. Subsector turístico

No sector do turismo, no Ulla Tambre Mandeo ten un peso específico moi importante o Camiño de Santiago, pero non só iso. Tamén outro tipo de turismo que aproveita a natureza, a paisaxe a gastronomía se ven aproveitando no territorio, en gran parte grazas ao Programa Leader, que leva apoiando a este sector dende o ano 91.

Se analizamos o marco galego, segundo os datos do IGE, dentro de España, Galicia recibiu un 4,74% dos turistas totais nacionais no ano 2020, mantendo ou incluso mellorando nunhas décimas os resultados pre-COVID. Esta porcentaxe de visitantes en Galicia respecto ó número total de visitantes nacionais, baixa ao 1,75% dos turistas estranxeiros que visitan España.

Case a metade dos turistas que veñen a Galicia, visitan algún lugar da provincia da Coruña. Un total de 1.752.964 turistas no ano 2014 (datos IGE).

Respecto ao tipo de aloxamento elixido, arredor dun 4% elixen o turismo rural para aloxarse, tanto se o miramos a nivel estatal como galego.

	2016	2017	2018	2019	2020
España	103.473.651	107.854.041	109.572.134	113.137.419	36.671.980
Galicia/España	4,39%	4,37%	4,04%	4,14%	4,74%
Galicia	4.539.782	4.712.172	4.425.965	4.681.341	1.738.744
A Coruña/España	2,07%	1,98%	1,78%	1,78%	1,90%
A Coruña	2.144.084	2.136.776	1.949.205	2.014.505	695.537

Táboa 25. *Viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros e turismo rural período 2016-2020. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE.*

Tal e como xa se mencionou, dentro do sector servizos, unha das ramas de actividade principais tanto en efectivos de persoal como de VEB é a restauración e aloxamento, sen dúbida, polo paso a través do territorio de varios dos trazados do Camiño de Santiago, o Francés principalmente, pero tamén o Norte, con dúas variantes, e o Primitivo. O Camiño é a principal fonte de turistas que visitan o Ulla Tambre Mandeo. As grandes expectativas creadas en canto a visitas pola celebración do Xacobeo 2021 víronse frustradas pola COVID-19 pero, aínda así, como se pode ver na táboa seguinte, o Camiño xa está recuperándose en afluencia de visitantes amosando en 2021, aínda con restricións á mobilidade, unha afluencia aproximada do 52% con respecto das cifras prepandemia.

Modalidade	2016	2017	2018	2019	2020	2021
A pé	254.025	278.490	306.064	327.281	49.557	167.730
Bicicleta	23.347	21.933	20.787	19.563	4.493	10.781
Cabalo	342	417	318	406	59	199
Vela	125	153	130	243	23	165
Cadeira de rodas	15	43	79	85	12	37
Total	279.870	303.053	329.396	349.597	56.164	180.933

Táboa 26. Peregrinacións segundo modalidade, número de persoas. Período 2016-2021. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE




Gráfico 33. Evolución das peregrinacións segundo as principais modalidades. Período 2016-2021. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE

Na seguinte gráfica analízanse as peregrinacións segundo o país de orixe das persoas que fan o Camiño, na que se analizan os cinco principais países emisores. Como vén acontecendo desde que hai estatísticas, as peregrinacións nacionais son as grandes protagonistas, moito máis no período convulso que se está a analizar neste documento, no que se deron moitas restricións á mobilidade internacional. O resto de principais países emisores non varían de épocas anteriores e súmaselles Portugal debido á influencia da pandemia. Aínda que os Países Baixos non figuran na táboa como grandes emisores de peregrinos, si teñen unha importancia especial no Ulla Tambre Mandeo debido á chamada Ruta ciclista do Holandés, que atravesa Touro desde o seu

desvío desde Arzúa e que fan tradicionalmente peregrinos desta nacionalidade en bicicleta, fuxindo da masificacións do Camiño Francés.

Na actualidade está a poñerse en funcionamento a EuroVelo 3, unha das rutas ciclistas transeuropeas de longa distancia que une Noruega con Santiago de Compostela, a cal coincide co Camiño de Santiago, desvíase do mesmo no concello de Santiso e segue o trazado do Camiño do Holandés tradicional, co cal este trazado está a oficializarse e agárdase que a súa afluencia de turistas aumente.




Gráfico 34. Peregrinacións segundo país de orixe. Evolución temporal período 2016-2021. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE

Por último, o Camiño Francés segue a ser o protagonista indiscutible, aglutinando un 54% das peregrinacións totais, con respecto das outras variantes, se ben perde peso relativo. O segundo dos trazados con máis peso relativo é o Camiño Portugués. Tanto o Camiño Norte como o Camiño Primitivo se manteñen cada un nun 5% aproximado de peregrinacións, polo cal, podemos concluír que o 64% das persoas que peregrinan a Santiago de Compostela transitan polo Ulla Tambre Mandeo.




Gráfico 35. Número de peregrinos segundo o Camiño elixido. Principais camiños. Evolución temporal período 2016-2021. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE

Polo lado da oferta, no Ulla Tambre Mandeo a pegada do Camiño de Santiago Francés ten unha hexemonía perentoria, cunha substancial diferenza entre os concellos polos que pasa e os que non. Actualmente o Ulla Tambre Mandeo conta cun total de 6.189 prazas de aloxamento, case o dobre que no ano 2017, das cales o 88% se localizan nos concellos de Arzúa, Melide e O Pino, etapas do Camiño Francés.

No eido do Camiño Norte e Primitivo, no que na preparación da estratexia Leader 2014-2020 se detectou unha escaseza de servizos orientada ao peregrino, razón pola cal se incluíu como sector subvencionable o aloxamento neste trazado, as prazas de aloxamento incrementáronse nun 70% entre os anos 2017 e 2022. Pola súa banda, no Camiño Francés, deuse un crecemento similar, sen necesidade de axuda pública.

En xeral, a totalidade dos concellos do Ulla Tambre Mandeo incrementan o seu número de prazas de aloxamento agás o concello de Santiso, o cal presentaba unha numerosa cifra de prazas de aloxamento de turismo rural grazas ao desenvolvemento local do sector a partir dos Leader anteriores e neste período perde un importante número de prazas, posiblemente debido ás xubilacións destes primeiros promotores.

Non obstante, non é un caso illado, xa que se comparamos o número de prazas segundo a tipoloxía de establecemento, todas e cada unha delas amosan un comportamento positivo, agás a do turismo rural.

Un dos cambios máis importantes no período analizado é a aparición das vivendas de uso turístico, as cales non existían no ano 2017 e, no ano, 2022 suman 913 prazas. Esta tipoloxía turística percíbese pola poboación local como un fenómeno negativo, xa que os profesionais do turismo a consideran unha competencia desleal á hora de captar clientela e o resto da veciñanza, como un problema en canto á limitación da vivenda dispoñible para mercar ou alugar, así como de convivencia naqueles edificios nos que proliferan este tipo de vivendas.

	Hoteis	Pensións	Alberg. t.	Turismo rural	Camp. t.	Apart. t.	Viv. t.	Viv. uso t.
Arzúa	157	349	1025	217	166	56	27	420
Boimorto	0	18	63	24	0	19	0	26
Melide	166	237	530	66	0	0	6	158
O Pino	99	613	801	53	112	41	0	182
Santiso	0	0	0	43	0	0	4	18
Sobrado	20	54	94	37	0	12	0	34
Toques	0	16	0	0	0	0	0	12
Touro	0	0	0	40	56	13	0	57
Vilasantar	0	12	30	0	0	0	0	6
UTM	442	1299	2543	480	334	141	37	913
A Coruña	18998	10620	7077	1921	12719	2407	531	26645
Galicia	56852	23227	15076	6801	34914	10698	1222	74661

Táboa 27. Número de prazas de aloxamento no UTM segundo tipo de establecemento. Ano 2022. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE




Gráfico 36. Distribución das prazas de aloxamento segundo os concellos do UTM. Ano 2022

B.2.6.3. Equipamentos e infraestruturas

Mobilidade e Transporte

Tal e como xa se mencionou, en canto á rede viaria, a rede nacional está representada polas estradas N-547 Lugo-Santiago que atravesa O Pino, Arzúa e Melide e a N-634 que, desde o límite municipal de O Pino na Lavacolla enlaza coa N-VI, pasando por Vilasantar.

Respecto do viario de alta capacidade, está xa en funcionamento o tramo que une Santiago de Compostela con Arzúa da futura autovía A54 Lugo-Santiago de Compostela. Estímase que durante o ano 2024 se completará a mesma coa apertura do tramo que unirá Arzúa con Palas, a través do concello de Melide.

Como se aprecia no mapa, outras estradas conectan o territorio e condicionan as relacións sociais e económicas.

Os concellos situados máis ao sur conectan coa N-547 ou co tramo da autovía A54 xa operativo e acceden principalmente a Santiago, mentres que os do norte acceden á N-547 e a N-VI cara Coruña ou Lugo.

Unha vía autonómica de bastante tránsito conecta Melide e Vilasantar con Betanzos e Coruña e coa N-634 polo norte, e con Agolada polo sur, onde se une á N-640. Esta estrada autonómica é, xunto coa estrada a Arzúa, a principal vía de comunicación do Concello de Santiso. Tamén unha das principais saídas de Sobrado dos Monxes e Boimorto, por proximidade xeográfica e por enlazar coas nacionais. Toques, pola súa parte, utiliza, principalmente, á vía provincial que leva a Melide.




Figura 15. Infraestruturas da Mobilidade no territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo

Outros trazados que vertebran o conxunto do territorio e supoñen un potencial económico, social e cultural sen parangón son as distintas vertentes oficiais do Camiño de Santiago. Desde o máis coñecido e internacional Camiño Francés (Melide, Arzúa, O Pino) ata os de carácter menos transitados do Norte, o cal discorre por Sobrado, e o Primitivo, o cal fai a súa aparición na provincia por Toques, ata confluír co Francés en Arzúa e Melide, respectivamente.

No territorio non hai estacións de tren, as máis próximas atópanse en Santiago (a escasos quilómetros do Concello do Pino) e en Curtis, ao norte de Vilasantar e Sobrado.

O aeroporto de Lavacolla está parcialmente situado no Concello do Pino, o que nos dá unha idea da súa proximidade.

En canto ás liñas regulares de transporte público por estrada (exclúense da análise as configuradas “baixo demanda”), as situacións dos nove concellos do territorio son moi diversas en canto a destinos dispoñibles e frecuencias nas viaxes:

- Melide é o concello mellor comunicado a través deste servizo, xa que as dúas liñas de transporte máis utilizadas e con maior frecuencia nos traxectos pasa polo seu núcleo urbano con destino ás dúas cidades máis próximas: Santiago de Compostela e A Coruña. Unha é a liña que une Lugo e Santiago e outra é a que une Ourense e A Coruña. Por outra banda, conta con liñas alternativas como a de Melide-Ordes e Pedrafita-Santiago.
- Os concellos de O Pino e Arzúa contan principalmente cunha liña de bus de acceso a Santiago de Compostela, a anteriormente indicada liña de Santiago-Lugo, cun gran número de frecuencias. Pero non conectan con ningunha outra gran cidade.
- Os concellos de Boimorto e Vilasantar contan principalmente coa liña de bus que une A Coruña con Ourense, cunha frecuencia de dúas viaxes á mañá e dúas á tarde. Boimorto, ademais, conta cunha liña ao próximo concello de Ordes, cun único horario de ida á mañá e volta á tarde e, Vilasantar, pola súa parte, cunha específica de Présaras a Coruña, cun único horario de ida á mañá e volta á tarde, e unha específica ao veciño concello de Curtis, coa mesma frecuencia.
- O concello de Sobrado e o concello de Touro contan cunha liña que os une a cada un deles con Santiago de Compostela nunha única frecuencia, ida pola mañá e volta á tarde.
- Os concellos de Santiso e Toques son os que presentan un servizo case nulo no eido do transporte público por estrada, xa que Santiso unicamente conecta cunha liña regular con Melide e as liñas de Toques son soamente locais e “baixo demanda”.

Como se pode observar, a maioría dos concellos unicamente se conectan cunha única cidade de referencia, e con frecuencias moi insuficientes, as cales non fan operativa esta forma de mobilidade en canto a traballo ou estudos. Por outra banda, a mobilidade en transporte público a nivel interterritorial é outra asignatura pendente. Durante o proceso participativo, a poboación local aportou como unhas das principais eivas o deficiente servizo de transporte público no territorio.

Solo Industrial

Respecto ao solo industrial, no noso territorio hai dous polígonos industriais, o da Madanela en Melide e o de Arzúa, ambos con parcelas dispoñibles de titularidade pública. Touro conta cun parque empresarial de titularidade privada, propiedade de Francisco Gómez y Cía., que aínda non ten empresas asentadas nel. Ademais, o Concello do Pino ten proxectado dende fai anos un polígono empresarial ao carón da autovía que leva a Santiago, non obstante, a crise e outros problemas están freando a súa posta en marcha.




Figura 16. Solo Industrial no territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo

Tecnoloxías da Información e Comunicación

En canto ás tecnoloxías de información e comunicación, na seguinte táboa resúmese a estimación da cobertura total dos distintos sistemas para os nove concellos do GDR e a media provincial e galega.

Distínguense tres tipos de sistemas de cobertura:

- Acceso cableado, no que se inclúen tres tipos de sistemas: FTTH, ou fibra óptica ata o fogar, HFC ou híbrido de fibra e cable coaxial e VDSL (*Very high-bit-rate Digital Subscriber Line*), que utiliza a rede de acceso de cobre e só pode chegar a prestar velocidades de conexión de 30 Mbps ou superiores no entorno próximo da central local ou nodo remoto que presta servizo.
- Acceso sen fíos, a través de WIFI, WIMAX ou satélite.
- Acceso móbil, a través de 2G, 4G ou 5G.

En termos xerais, só cinco dos nove concellos contan con máis do 50% de fogares cunha cobertura de redes fixas de 100Mbps, e en todos e cada un deles, para acadar esta velocidade o acceso, faise a través de fibra óptica. Os concellos con menor taxa de cobertura para esta velocidade son Vilasantar, Sobrado e, sorprendentemente, Arzúa.

A cobertura móbil 4G, pola súa banda, está dispoñible na totalidade do territorio.

É necesario seguir ampliando as infraestruturas en tecnoloxías da información, para conseguir un mellor servizo e un rural conectado que poida dar resposta a oportunidades xurdidas a raíz do COVID como son o teletraballo, ou a implantación con éxito de empresas e negocios de servizos profesionais, tecnolóxicos ou telemáticos no Ulla Tambre Mandeo, os cales precisan unha conexión á rede efectiva e eficaz.

Ámbito territorial	VDSL 30Mbps (xuño 2021)	Sen fíos fixo (xuño 2021)	FTTH (xuño 2021)	HFC (xuño 2021)	Cob. 30Mbps (xuño 2021)	Cob. 100Mbps (xuño 2021)	4G (xuño 2021)	5G (xuño 2021)
Arzúa	14,66%	41,22%	6,47%	41,02%	72,08%	44,17%	99,58%	0,00%
Boimorto	15,65%	84,47%	53,70%	0,00%	92,23%	53,70%	100,00%	0,00%

Melide	7,79%	30,13%	90,91%	43,14%	95,49%	90,97%	99,99%	76,61%
Pino, O	16,40%	83,24%	67,02%	0,00%	91,62%	67,02%	100,00%	24,14%
Santiso	9,41%	78,12%	80,09%	0,00%	90,05%	80,09%	99,95%	0,00%
Sobrado	12,60%	62,15%	36,31%	0,00%	81,07%	36,31%	99,94%	2,69%
Toques	45,43%	54,15%	90,91%	0,00%	95,45%	90,91%	97,59%	3,57%
Touro	14,64%	89,82%	49,97%	0,00%	94,91%	49,97%	100,00%	2,16%
Vilasantar	24,62%	82,82%	26,96%	0,00%	91,41%	26,96%	100,00%	9,54%
Coruña, A	12,08%	36,72%	78,27%	57,09%	94,31%	82,70%	99,98%	67,96%
GALICIA	14,07%	42,67%	73,88%	47,16%	93,00%	77,10%	99,96%	61,97%

Táboa 28. Cobertura segundo sistema por municipio no GDR, % vivendas. Ano 2021. Fonte: elaboración propia a partir do Informe de Cobertura de Banda Ancha 2021. Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital

Cobertura de redes fijas a velocidades ≥ 100 Mbps




Figura 17. Mapa de Cobertura redes fijas a velocidades maiores a 100Mbps Fonte: elaboración propia a partir do Informe de Cobertura de Banda Ancha 2021. Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital

Servizos Públicos

No tocante aos servizos públicos de saneamento e abastecemento de auga, pódese dicir que os concellos do Ulla Tambre Mandeo teñen feito un esforzo importante para amplialos á totalidade da poboación dos seus respectivos municipios. Non obstante, no que atinxe aos servizos básicos de infraestruturas podemos concluír que aínda queda percorrido para a mellora.

A dispersión xeográfica dificulta e encarece a súa xestión, en xeral, o territorio ten dotacións pero non chegan a todos os habitantes, e existen diferenzas notables entre concellos:

- En canto ao abastecemento de auga, Boimorto, Melide e O Pino dan servizo a practicamente toda a poboación. En xeral, está maioritariamente instaurado. Dos nove concellos, a maior porcentaxe de fogares sen abastecemento público de augas atopámola en Santiso, o municipio con maior dispersión xeográfica dos que compoñen o ámbito xeográfico do GDR. Por outra banda, segundo indica a veciñanza nas distintas reunións do proceso participativo, moitas aldeas teñen traída de auga veciñal, polo que xa non precisan a pública. Estas traídas son construcións que a veciñanza realizou e que se manteñen á marxe dos concellos, de forma voluntaria, se ben moitas delas están a oficializarse a través de Augas de Galicia.
- A depuración de augas é moi deficiente. Soamente Arzúa, Boimorto e Melide teñen unha porcentaxe relevante.
- Na recollida de lixo non houbo grandes avances nos últimos anos. Todos os concellos teñen recollida de lixo, sen selección de residuos na maior parte dos núcleos de poboación. Unicamente tres dos concellos (Vilasantar, O Pino e Melide) implantaron maioritariamente a recollida selectiva de lixo no ano 2014 (IGE, 2015).

Non obstante, aínda que non se reflictan os datos de anos anteriores, a mellora na prestación é xeneralizada no conxunto do territorio.

	Vivendas con servizo de depuración de augas residuais	Vivendas con servizo público de abastecemento de augas	Núcleos con recollida selectiva de residuos
Arzúa	61,47%	70,11%	19,61%

Boimorto	54,13%	90,60%	30,77%
Melide	84,96%	86,85%	72,13%
O Pino	32,16%	94,59%	87,23%
Santiso	37,10%	30,86%	22,22%
Sobrado	28,34%	78,63%	9,62%
Toques	26,75%	65,82%	29,63%
Touro	27,98%	77,75%	5,63%
Vilasantar	29,77%	62,88%	97,06%

Táboa 29. Ratio municipal de vivendas con servizo de depuración de augas, con servizo público de abastecemento de auga e Ratio municipal de núcleos con recollida selectiva de residuos. Ano 2015. Fonte: elaboración propia a partir de datos IGE

B.3. MATRIZ DAFO

Para a elaboración da Matriz DAFO terase en conta, ademais da análise do contexto territorial e socioeconómico, a visión que teñen os distintos axentes do ámbito territorial, que se plasma no apartado A desta memoria.

DEBILIDADES	AMEAZAS
- Sector primario pouco diversificado: concentración de explotacións de vacún de leite e cultivos forraxeiros para alimentación animal - Escasa dimensión territorial das explotacións gandeiras en canto a superficie: intensificación e prácticas pouco sustentables - Sector lácteo con pouco valor engadido: non diferenciación nin transformación en orixe - Dificultades para manter o relevo xeracional nas explotacións - Sector primario con pouco valor engadido: falta diferenciación (etiquetado) e/ou transformación - Concentración dos cultivos forestais en especies foráneas de crecemento rápido: eucalipto - Outros aproveitamentos do monte testemuñais: castaña, froitos silvestres, cogomelos, etc. - Escaso aproveitamento socioeconómico do monte veciñal en man común do territorio: Toques - Deficiente xestión do bosque autóctono - Escasa produción primaria certificada en ecolóxico, gandería en extensivo e outras prácticas respectuosas co medio - Estrutura da propiedade que dificulta a produtividade da terra agraria e forestal: parte oeste do territorio (Sobrado, Toques, Melide, Santiso) - Estrutura sectorial da economía local baseada en sectores maduros, con menor crecemento e innovación (agroalimentario, madeira, construción, etc.), pouco intensivos en man de obra - Sector industrial pouco desenvolvido e centrado en actividades auxiliares da construción	- Existencia de estrangulamentos na oferta da produción ecolóxica en Galicia: falta de distribución e transformación - PAC 2023-2027 fortemente orientada ás prácticas sustentables, o coidado do medio ambiente e a loita contra o cambio climático: necesaria transformación do sector agrario local - Continua desaparición de pequenos produtores queixeiros - Importación nacional de moita madeira en mercados exteriores xa estruturados - Existencia da Rede Natura 2000 con tres ZEC no territorio: figura restritiva e moi intervencionista no eido dos aproveitamentos socioeconómicos - Política de nodos das DOT que divide o territorio do GDR. - Finalización e apertura da autovía da A54: posibilidade de deslocalización da actividade económica e o comercio - Posible posta en marcha do proxecto mineiro Touro- O Pino: potencia ameaza para o medio natural local e a biodiversidade. - Falta de protección efectiva do patrimonio: listado BICs pouco actualizado, falta de mantemento do mesmo - Incerteza no escenario macroeconómico: inflación, crise de materias primas, conflitos bélicos, etc. - Escasos efectivos tanto de sanidade como de educación no rural: falta de apoio institucional - Falta de humanización nos servizos sociais - Existencia dun problema de mobilidade no territorio: déficit no transporte público (escasos destinos e frecuencias) - Escaso abano da oferta formativa no territorio

-
- Ausencia de grandes empresas: limitación ó acceso de novos e grandes mercados.
 - Tecido empresarial atomizado caracterizado pola escasa xeración de emprego relativo
 - Falta de implantación da venda online nas empresas locais
 - Falta de servizos e infraestruturas nos polígonos industriais locais (seguridade, internet, depuradora, etc.)
 - Falta de valorización de residuos e compostaxe
 - Escaseza de solo industrial: pouca oferta ou prezos elevados
 - Primacía do turismo de peregrinación caracterizado polo gasto mínimo en aloxamento, comercio e hostalaría.
 - Escasa orientación cara o turismo internacional, o cal está en expansión.
 - Escasa profesionalización na hostalería e restauración en xeral: escasas barreiras de entrada, intrusismo, negocio fácil
 - Perda continua de poboación local: envellecemento e emigración moza cara outros lugares da provincia
 - Dispersión xeográfica da poboación, especialmente agudizada en concellos sen núcleo de referencia: Vilasantar, Toques e Santiso
 - Déficit de asociacismo xuvenil, falta de implicación da mocidade no desenvolvemento local.
 - Escasa dotación de servizos de benestar, especialmente, para o envellecemento no fogar e o coidado infantil
 - Falta de actividades culturais e deportivas orientadas á mocidade, as cales permitan un desenvolvemento persoal. Infrautilización das infraestruturas culturais e deportivas dispoñibles: falta de contido e falta de persoal profesiona
 - Insuficiente formación en emprendemento
 - Camiño Norte: deficiente dotación de servizos nas etapas previas ó UTM
 - Lexislación turística: proliferación de vivendas de uso turístico
 - Lexislación ineficaz para as pequenas empresas (impostos, etc)
 - Excesivos retrasos e burocratización na xestión das axudas públicas
 - Dilación na concesión de permisos e licenzas administrativos
 - Dilación e rixidez nos trámites con Patrimonio Cultural
 - Minoración continua de fondos destinados ó Leader: dificultade na consecución dos obxectivos marcados.
 - Acceso desigual ós recursos e postos de traballo de homes e mulleres en toda Galicia e España
 - Políticas de igualdade sen resultados nos indicadores analizados
 - Insuficiente educación en igualdade desde a infancia
 - Ausencia de formación en igualdade para homes
 - Incremento da violencia machista así como das condutas machistas entre a xuventude
-

-
- Existencia de zonas de sombra na cobertura telefónica e de internet en determinados lugares do territorio
 - Escaseza da dispoñibilidade de vivenda de aluguer: dificultades urbanísticas no rural, proliferación de vivendas de uso turístico nos núcleos urbanos do Camiño
 - Insuficiente velocidade de conexión: insuficiente implantación das conexións NGA (fibra óptica)
 - Ausencia de profesionais e formación en “oficios”
 - Baixo nivel de renda da poboación e tendencia negativa na converxencia
 - Existencia dunha gran porcentaxe de desemprego de longa duración
 - Desigualdade no poder adquisitivo e no acceso ó mercado laboral entre homes e mulleres
 - Abandono do rural: concepción do rural “de fin de semana”
 - Falta de intimidade e privacidade
 - Infra-representación do GDR dos colectivos de mulleres e mocidade
-

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
• Características físicas (climáticas, orográficas, hidrolóxicas, etc.) favorables á diversificación produtiva agraria e forestal • Axeitada estruturación das vías de transporte (estradas nacionais e comarcais con elevado tránsito) • Proximidade do aeroporto de Lavacolla • Mercados urbanos próximos en distancia e tempo de traxecto (Santiago/Coruña) • Existencia de numerosas parroquias con procesos de concentración parcelaria rematados e boa estruturación da propiedade de cara á explotación primaria sostible • Forte tecnificación das explotacións gandeiras, competitividade • Forte tradición queixeira: experiencia e know-how • Existencia dunha figura consolidada de diferenciación en calidade: D.O.P. Arzúa-Ulloa • Existencia de capital físico (instalacións, empresas) e humano con coñecemento de cara ó desenvolvemento do sector primario: Escola agricultura ecolóxica Vilasantar, Sección horta de Coop. Melisanto • Cooperativas agrarias fortes e consolidadas nas cabeceiras comarcais • Existencia dun GDR consolidado como punto de encontro e debate para os axentes sociais • Forte tradición Leader desde o ano 1991: coñecemento e familiaridade • Recoñecemento do patrimonio natural a través de figuras de protección: Rede Natura 2000 (Serra do Careón, curso Río Tambre, sistema fluvial Ulla-Deza) e Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo; garantía de conservación do mesmo.	• Finalización e apertura da A54: mellor vertebración do territorio coas grandes cidades e potencialidade de cara á fixación da poboación local • Novas políticas europeas e nacionais orientadas á protección da biodiversidade e loita contra o cambio climático: garantía de conservación do medio • Concienciación na demanda de alimentos: calidade, proximidade, ambientalmente respectuosa, agricultura familiar, etc. • Incremento no consumo de produción ecolóxica • Incremento das iniciativas de diversificación no eido agrario: sector hortícola, gando distinto do vacún, etc • Instrumentos da Lei de Recuperación da Terra Agraria: facilidades para a posta en marcha de terras improdutivas. • Auxilio do atractivo do rural a partir da COVID19 • Aumento do teletraballo: posibilidade de fixación de poboación e empresas no rural • Iniciativas singulares do Leader 14-20 susceptibles de réplica: usos alternativos forestais, punto verde de xestión de residuos orgánicos, plantación de froiteiras, etc. • Dixitalización: novas perspectivas para as pequenas empresas • Novas tendencias no turismo: cicloturismo, ecoturismo • Consolidación de grandes empresas no polígono industrial de Curtis: incremento de demanda para as empresas locais • Transferencia de coñecementos da universidade á empresa

-
- Existencia dunha alta porcentaxe de monte arborizado con relación á superficie forestal total
 - Importancia do forestal na economía local: elevado número de empresas forestais, subsector industrial con forte peso relativo, implantación de operadores con potencial de arrastre (Castaña, Biomasa, Plantación de especies de alto valor, Aserpal)
 - Peso importante da industria agroalimentaria nun territorio eminentemente rural
Existencia de empresas consolidadas cunha longa traxectoria: tradición artesanal do coiro
 - Existencia dun conglomerado de empresas cun alto nivel de innovación na antiga mina de Touro, algunhas, do sector da reciclaxe.
 - Tecido empresarial atomizado: versatilidade e resiliencia
 - Asociacións de empresas comarcais activas, estruturadas e con longa traxectoria.
 - Existencia de tecido emprendedor con capacidade de investir, innovar e con capacidade financeira e solvencia
 - Transcurso de varios trazados do Camiño de Santiago: Francés, Norte e Primitivo
Camiño Francés, vía de peregrinación a Santiago principal e consolidada, cunha gran dotación de servizos
 - Posta en marcha da ruta Eurovelo: Santiso, Arzúa, Touro. Existencia de empresas líderes no seu sector a nivel nacional
 - Ampla oferta de turismo rural en torno ó Ulla e afluentes
 - Destino estrela en turismo de natureza e dogfriendly (patrimonio, negocios, recursos, rede de sendeiros amplo e coidado, etc)
 - Biodiversidade ben conservada no Ulla e afluentes
-

-
- Abundante dotación de patrimonio cultural e arquitectónico de tódalas épocas históricas.
 - Existencia de recursos turísticos singulares: embalse e ferri de Portodemouros
 - Festas e eventos culturais recoñecidas nacionalmente de gran entidade e repercusión exterior
 - Boa dotación de servizos e infraestruturas culturais e deportivas
 - Forte tradición asociativa e de participación: existencia de numerosas asociacións civís no territorio
 - Garantía dunha renda mínima nos fogares pola percepción de pensións, sobre todo, de persoas maiores
 - Convivencia coa veciñanza e pertenza á comunidade local (proximidade, colaboración, etc.)
 - Calidade no modo de vida local (tranquilidade, calidade do aire, natureza, desconexión, seguridade, liberdade, etc)
 - Equipos técnicos municipais implicados e dinamizadores
 - Asociacionismo de mulleres maioritario, consolidado e activo
-

CAMIÑOS FLUVIAIS

**ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO
LOCAL PARTICIPATIVO**

